



Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa  
REDE DE CONSERVATORIOS DE MÚSICA E DANZA DE GALICIA

Modelo PRO85PRO01

# Programación Didáctica de Fagot CMUS Xan Viaño de FERROL

Modelo. Programación. MDPRO85PRO01.01/09/2017.1



Curso 2024/2025

Prof. Javier Alama Constancio



## Índice

---

<b>1. Introducción .....</b>	<b>5</b>
<b>2. Metodoloxía .....</b>	<b>6</b>
<b>3. Atención á diversidade, ACNEAE e NEE.....</b>	<b>8</b>
<b>4. Temas transversais.....</b>	<b>10</b>
4.1 Educación en valores .....	10
4.2 Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC) e tecnoloxías do aprendizaxe e coñecemento (TAC).....	11
<b>5. Actividades culturais e de promoción das ensinanzas .....</b>	<b>12</b>
<b>6. Secuenciación do curso .....</b>	<b>13</b>
6.1 Curso: 1º Grao Elemental .....	13
6.1.1 Obxectivos.....	13
6.1.2 Contidos .....	14
6.1.3 Avaliación.....	15
6.1.4 Medidas de recuperación.....	19
6.1.5 Recursos didácticos .....	20
6.2 Curso: 2º Grao Elemental .....	21
6.2.1 Obxectivos.....	21
6.2.2 Contidos .....	22
6.2.3 Avaliación.....	23
6.2.4 Medidas de recuperación.....	27
6.2.5 Recursos didácticos .....	29
6.3 Curso: 3º Grao Elemental .....	30
6.3.1 Obxectivos.....	30
6.3.2 Contidos .....	31
6.3.3 Avaliación.....	32
6.3.4 Medidas de recuperación.....	36
6.3.5 Recursos didácticos .....	38
6.4 Curso: 4º Grao Elemental .....	39
6.4.1 Obxectivos.....	39
6.4.2 Contidos .....	41
6.4.3 Avaliación.....	42



6.4.4	Medidas de recuperación.....	46
6.4.5	Recursos didácticos .....	47
6.5	Curso: 1º Grao Profesional .....	49
6.5.1	Obxectivos.....	49
6.5.2	Contidos .....	51
6.5.3	Avaliación.....	52
6.5.4	Medidas de recuperación.....	56
6.5.5	Recursos didácticos .....	57
6.6	Curso: 2º Grao Profesional .....	59
6.6.1	Obxectivos.....	59
6.6.2	Contidos .....	60
6.6.3	Avaliación.....	62
6.6.4	Medidas de recuperación.....	66
6.6.5	Recursos didácticos .....	67
6.7	Curso: 3º Grao Profesional .....	69
6.7.1	Obxectivos.....	69
6.7.2	Contidos .....	71
6.7.3	Avaliación.....	72
6.7.4	Medidas de recuperación.....	76
6.7.5	Recursos didácticos .....	77
6.8	Curso: 4º Grao Profesional .....	79
6.8.1	Obxectivos.....	79
6.8.2	Contidos .....	81
6.8.3	Avaliación.....	82
6.8.4	Medidas de recuperación.....	86
6.8.5	Recursos didácticos .....	87
6.9	Curso: 5º Grao Profesional .....	89
6.9.1	Obxectivos.....	89
6.9.2	Contidos .....	91
6.9.3	Avaliación.....	92
6.9.4	Medidas de recuperación.....	96
6.9.5	Recursos didácticos .....	97
6.10	Curso: 6º Grao Profesional .....	98



6.10.1	Obxectivos .....	98
6.10.2	Contidos .....	100
6.10.3	Avaliación .....	101
6.10.4	Medidas de recuperación .....	105
6.10.5	Recursos didácticos .....	106
<b>7.</b>	<b>Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica ...</b>	<b>108</b>
<b>8.</b>	<b>Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento .....</b>	<b>109</b>
<b>9.</b>	<b>ANEXOS .....</b>	<b>110</b>
9.1	Probas de acceso 1º de Grao Profesional .....	110
9.2	Probas de acceso a outros cursos .....	112
9.3	Criterios para a obtención dos premios fin de grao .....	126
9.4	A clase colectiva .....	128

## 1. Introducción

---

A Lei orgánica 2/2006 do 3 de maio, de educación, establece no seu artigo 45 que as ensinanzas artísticas teñen coma finalidade proporcionarlle ao alumnado unha formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais da música.

O artigo 48 preceptúa que as ensinanzas elementais de música terán as características e a organización que as administracións educativas determinen. Ditas características veñen ditadas para a nosa comunidade autónoma no posterior Decreto 198/2007 do 27 de setembro de 2007, polo que se establece a ordenación do grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música.

A finalidade do grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música é promover a autonomía do alumnado para que a súa capacidade de expresión musical adquira a calidade artística necesaria que permita acceder ao grao profesional. Así mesmo, a Lei orgánica 2/2006 do 3 de maio, de educación, establece no seu artigo 6.2 que o goberno fixará, en relación cos obxectivos, as competencias básicas, os contidos e os criterios de avaliación, os aspectos básicos do currículo que constitúen as ensinanzas mínimas. Asemade, a citada lei orgánica no capítulo VI do título I, fixa as características básicas das ensinanzas profesionais de música, dentro das ensinanzas artísticas. Os aspectos básicos do currículo das ensinanzas profesionais de música fíxanse no Real Decreto 1577/2006, do 22 de decembro e se definen no marco da nosa comunidade no Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música.

A presente programación da concreción a ditos decretos a nivel de aula, e será o documento polo que se desenvolvan os diversos parámetros do traballo de aula dos docentes deste departamento no Conservatorio Profesional Xan Viaño. O grao profesional ten como finalidade proporcionarlle ao alumnado unha formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais, e ordénase en catro funcións básicas: formativa, orientadora, profesionalizadora e preparatoria para estudos posteriores.

## 2. Metodoloxía

---

O modelo a empregar ten a súa base na aprendizaxe significativa, dende o punto de vista “construtivista” da intervención pedagóxica; a partir dos coñecementos previos do alumnado, desenvólvense contidos de forma estruturada, de forma que a posibilidade de construír novas aprendizaxes depende do xa aprendido, tendo en conta que cada nova aprendizaxe aumenta a súa capacidade de aprender.

Sobre a base deste principio, terase presente que se debe:

- Propiciar situacións que sexan motivadoras e que favorezan a motivación, ante o fenómeno musical.
- Crear contextos de aprendizaxe que lle permita ao alumnado ter presentes os contidos xa coñecidos.
- Garantir a construción de aprendizaxes significativos e en espiral a través da necesidade de lembrar os coñecementos adquiridos previamente.
- Promover na aula un ambiente de intercambio, colaboración e interacción como motor de aprendizaxe.

A metodoloxía a aplicar será:

- Participativa: O alumnado participa activamente na proceso de ensinanza-aprendizaxe, construíndo os seus propios coñecementos.
- Progresiva: Porque hai un desenvolvemento progresivo dende os contidos máis sinxelos aos máis difíciles.
- Flexible: Adáptase á diversidade de ritmos de aprendizaxe do diferente alumnado.
- Motivadora: Capta o interese do alumnado e motiva a aprendizaxe.
- Integradora: Relaciona todos os coñecementos nunha mesma dirección. O desenvolvemento musical do alumnado.

No tocante á planificación estrutural do contido didáctico de cada sesión instrumental, a organización distribuirase a través da seguinte secuenciación de actividades e tempos:

- Montaxe do instrumento e quecemento musical (escalas, arpexos ou lectura a vista).
- Exposición e execución dos contidos técnicos programados.
- Desenvolvemento interpretativo.
- Desmontaxe, limpeza e mantemento instrumental.

Non obstante, o formato de clase individual permite que esta distribución e temporización dependa da casuística evolutiva de cada alumno/a e dos seus requirimentos formativos, funcionais e musicais.

### **3. Atención á diversidade, ACNEAE e NEE**

---

O alumnado dun conservatorio profesional de música habitualmente está dentro dun nivel socio-cultural medio, cunha gran capacidade de traballo, xa que, este mesmo debe compaxinar os estudos de música cos da ensinanza xeral obrigatoria. As motivacións para estudar música poden diferir entre o diferente alumnado, polo tanto, atoparémonos cun alumnado moi diverso en canto a motivacións, aptitudes e ritmos de traballo, polo que será de vital importancia a atención á diversidade para adaptarse ás necesidades concretas de cada alumno/a.

A vía para o tratamento da diversidade é a adaptación curricular non significativa dependendo do eido e da situación particular e adaptándose ás necesidades do alumnado. Isto é un conxunto de accións dirixidas a adecuar o currículo ás necesidades dun alumnado ou un grupo determinado, dependendo das circunstancias que se presentan na aula ao longo do curso. O/A profesor/a poderá propor as seguintes situacións:

- Adaptación do material didáctico. Ofrecer ao alumnado unha ampla gama de actividades didácticas que respondan aos diferentes perfís de aprendizaxe.
- Propoñer actividades de traballo diferenciadas. O/A profesor/a fará unha análise dos contidos da materia e preparará actividades con distinto nivel de dificultade, que permitan tratar os mesmos contidos con diferentes niveis de esixencia.
- Organizar o traballo de aula de forma flexible. Adaptar o ritmo de traballo ás necesidades de cada alumno/a, acelerando ou freando o ritmo de introdución e desenvolvemento de novos contidos, adaptándose ao alumnado individualmente.

ACNEAE e NEE:

O alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (ACNEAE) requirirá dunha atención educativa diferente á ordinaria por presentar necesidades educativas distintas. Isto pode ser debido ás altas capacidades intelectuais, dificultades específicas da aprendizaxe, TDAH, incorporarse de xeito tardío ao sistema educativo, ou por condicións persoais da historia escolar, etc.

O alumnado con necesidades específicas educativas (NEE) requirirá, nun período da súa escolarización ou ao longo dela, determinados apoios e atencións educativas específicas derivadas dunha discapacidade ou de trastornos graves de conduta.



Para poder detectar e levar a cabo unha adaptación curricular axeitada destes dous grupos de alumnado, será formulado un protocolo de intervención coa seguinte orde:

1. De cara á avaliación diagnóstica inicial do alumnado, o/a profesor/a titor/a, consultará si hai algún caso de ACNEAE ou NEE cun diagnóstico psicopedagóxico previo do alumnado no centro educativo de referencia ou por parte das familias. Deste modo se terá en conta a especie de diversidade e a magnitude da adaptación.
2. Seguidamente, o profesorado titor solicitará unha titoría coa familia do alumnado para recompilar mais información e así informar do plan de actuación e da adaptación da programación didáctica da materia.
3. O profesorado titor reunirá ao equipo docente do alumnado con ACNEAE ou NEE para informar, deseñar e sincronizar un plan de traballo adaptativo e simultáneo co resto de materias.

Unha vez xerado este plan de traballo, se levarán a cabo reunións periódicas co equipo docente para comprobar, avaliar e modificar (se procede) a calidade do plan de traballo e así tomar medidas adaptativas oportunas. O desenvolvemento e evolución deste plan e a calidade do mesmo, quedará rexistrado debidamente no caderno de aula e nas distintas actas periódicas do departamento didáctico.

## 4. Temas transversais

---

### 4.1 Educación en valores

A educación en valores trata os temas transversais. Facemos unha pequena reflexión sobre cada valor dende o marco musical e de aula.

- Educación ambiental. É tratada a través do interese despertado polo estudo da contaminación sonora e acústica, o nivel de ruídos do entorno, a produción excesiva de sons por parte do alumnado e a atención ao silencio como marco imprescindible na execución e escoita musical.
- Educación para a saúde. A práctica musical realizase corporalmente, polo que axuda a apreciar e valorar o propio corpo e as súas posibilidades de movemento, tanto global como segmentario. A través da práctica instrumental incídese na educación postural, a adquisición dun correcto ton muscular, o aproveitamento da respiración, favorecendo o crecemento e desenvolvemento corporal. Cómpre recordar que a música, polos seus compoñentes afectivos, fisiolóxicos, e intelectuais, incide positivamente no equilibrio persoal e anímico das persoas tanto dende o punto de vista do oínte como do intérprete ou o creador.
- Educación para a igualdade de sexos. Convén ter presente que toda actividade musical grupal parte de principio de integración, do reparto de traballo e respecto mutuo aos demais integrantes da clase, independentemente do sexo ao que pertenza.
- Educación para a paz e a tolerancia. Mantén unha presenza máis que constante nas programacións de aula a través dunha dobre vertente; por un lado, ás persoas do entorno inmediato e por outro, ás diferentes culturas e músicas do mundo, a partir da práctica e audición de obras.
- Educación para o lecer. Debido o aumento do tempo libre faise necesario inculcar no alumnado o sentido do ocio, do aproveitamento do seu tempo libre a través de actividades lúdico musicais extraescolares e complementarias.
- Educación moral e cívica. A música contén un destacado compoñente de contidos actitudinais baseados non só no respecto e acatamento das normas, senón tamén na necesidade da súa existencia. Este tema transversal debe estar presente, referido os compañeiros, o material de aula, o/a profesor/a... Por outra



parte, a música mostrou a súa relación coa sociedade ao longo da historia, polo que a súa contribución á educación cívica aparece como unha constante en todas as épocas.

#### **4.2 Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC) e tecnoloxías do aprendizaxe e coñecemento (TAC).**

O traballo relacionado coas TIC realizarase a través da procura de información na internet, o que permite ao alumnado aproximarse aos temas tratados mediante a investigación de datos sobre determinados aspectos musicais relacionados cós compositores, estilos, instrumentos; ou ben críticas de prensa, música de películas (BOS), arquivos dixitais de audio (códecs, MIDI, etc.) páxinas web de música clásica, etc. Tamén se empregarán revistas ou prensa especializada para ampliar ou completar a información recibida na clase.

O material en formato electrónico (partituras, textos, audios, etc.) tamén será útil no desenvolvemento das diferentes actividades da materia, xa que facilitará a rápida distribución do mesmo entre o alumnado así como o seu rápido acceso na aula. As gravacións en audio/vídeo (dependendo das autorizacións) serán unha ferramenta a dispor para favorecer a visualización e audición, e así fomentar unha visión auto-crítica construtiva.

O almacenamento e tratamento de todo este material terá cabida na aula virtual do centro ou nun blogue creado para tal efecto e mantido polo propio alumnado con actividades dinámicas de ampliación.

No caso das TAC se orientarán á creación, difusión e debate da información relacionada co manexo do coñecemento tecnolóxico. Esta formulación conduce á aprendizaxe das ferramentas precisas para a asimilación da información tecnolóxica a un nivel onde a actualización e a participación colaborativa sexan evidentes.

A necesidade de dotar ao alumnado duns coñecementos técnicos esencialmente tecnolóxicos acada unha importancia fundamental na vertente metodolóxica que ten como obxectivo saber que se pode facer coa tecnoloxía, comprender a súa evolución e coñecer os seus usos. Para isto, é moi importante facer unha correcta procura das ferramentas idóneas e sabelas empregar axeitadamente para a adquisición de coñecementos meta-cognitivos en función dos diferentes perfís e necesidades.

## **5. Actividades culturais e de promoción das ensinanzas**

---

O diferente alumnado de fagot poderá participar en todas aquelas actividades de aula que programe o/a profesor/a e que sexan de interese para o correcto proceso de ensinanza-aprendizaxe.

Estas actividades estarán organizadas ou coordinadas polo centro, ou colaborando con outras entidades alleas, e estarán relacionadas con aspectos propios das ensinanzas de música: cursos especializados, asistencia a concertos ou ensaios de agrupacións de música, visita a museos ou similares, concertos fora do centro, encontros, intercambios, etc.. O alumnado e os seus responsables legais estarán informados debidamente con anterioridade de todos os datos pertinentes. Nestas actividades, organizadas para incentivar ao alumnado e mellorar a súa educación, se resaltarán, ademais valores de respecto, tolerancia, unión e convivencia, entre outros.

## 6. Secuenciación do curso

---

### 6.1 Curso: 1º Grao Elemental

#### 6.1.1 Obxectivos

Segundo o *Decreto 198/2007*, o ensino de instrumentos de vento-madeira nas ensinanzas de réxime especial no grao elemental de música terá como obxectivo contribuír a desenvolver no alumnado as seguintes capacidades:

- a) Adoptar unha posición corporal que permita respirar con naturalidade e que favoreza a correcta colocación do instrumento e a coordinación entre ambas as mans.
- b) Controlar o aire mediante a respiración diafragmática e os músculos que forman a embocadura, de xeito que posibilite unha correcta emisión, afinación, articulación e flexibilidade do son.
- c) Saber empregar con precisión os reflexos necesarios para corrixir de forma automática a afinación das notas e a calidade do son.
- d) Coñecer as características e as posibilidades sonoras do instrumento e sabelas empregar, dentro das exixencias do nivel, tanto na interpretación individual como na de conxunto.
- e) Demostrar unha sensibilidade auditiva que permita o control permanente de afinación e o perfeccionamento continuo da calidade sonora.
- f) Emitir un son estable, en toda a extensión do instrumento, comezando a empregar o vibrato e os matices para lle dar cor e expresión á interpretación musical.
- g) Coñecer a montaxe e a fabricación das lingüetas e poder axustalas para o seu correcto funcionamento (instrumentos de lingüeta dobre).
- h) Interpretar un repertorio básico integrado por obras de diferentes épocas e estilos, dunha dificultade acorde a este nivel.

**Os obxectivos devanditos terán a seguinte aplicación segundo o curso 1º G.E.:**

1. Adquirir coñecementos de montaxe, mantemento e conservación do instrumento e coñecer as diferentes partes que o conforman.
2. Manter unha posición corporal e dixital correcta evitando posibles lesións.
3. Adoptar unha posición da embocadura que permita lograr un son libre e de maneira controlada dende Do1 ata Sol2 controlando as articulacións *de picado*, *legato* e *staccato*
4. Ler a clave de Fa en cuarta liña de maneira solvente.
5. Coñecer e executar as escalas e arpexos de ata 1 alteración.
6. Memorizar breves fragmentos musicais: escalas e arpexos, exercicios ou pezas.
7. Dominar a diferenciación de dinámicas subxacentes nos exercicios técnicos ou estudos: *piano* (*p*), *mezzoforte* (*mf*) e *forte* (*f*).
8. Coñecer o funcionamento e conservación das lingüetas dobres.
9. Conseguir a destreza técnica necesaria para interpretar correctamente as pezas e estudos programados nos contidos deste curso.
10. Practicar as obras ou pezas do curso desenvolvendo aspectos como afinación, sincronización, audición do resto de voces, interpretación de roles, xestualidade, etc.
11. Desenvolver hábitos de estudo valorando o rendemento conseguido en función do tempo empregado.
12. Tocar en público con autocontrol.

### **6.1.2 Contidos**

- 1) Práctica da montaxe, des-montaxe, limpeza e desinfección do instrumento e coñecemento das normas básicas para a correcta conservación, mantemento e hixiene.
- 2) Exercicios de control, dominio e rectificación da posición corporal e dixital do alumnado co instrumento.



- 3) Exercicios de embocadura e respiración sen instrumento e con el: notas tidas controlando a afinación, calidade do son e dosificación do aire. Práctica da relaxación e respiración para o desenvolvemento da capacidade pulmonar.
- 4) Práctica da lectura da clave de fa en cuarta liña empregando diferentes sistemas.
- 5) Práctica de escalas e arpejos controlando a emisión do aire con diferentes tipos de articulacións básicas: *picado*, *legato* e *staccato* en Do M - La m, Fa M e Sol M.
- 6) Adestramento permanente e progresivo da memoria.
- 7) Lectura a vista de obras e fragmentos sinxelos con diferenciación de dinámicas e agónicas.
- 8) Coñecemento da fabricación e mantemento das lingüetas dobres.
- 9) Desenvolvemento do sistema rítmico que axude á identificación de problemas métricos.
- 10) Práctica da xestualidade, sincronización, escoita activa e interpretación de roles segundo a voz proporcionada en formacións de máis dun integrante.
- 11) Establecemento dun sistema de estudo baseado na localización de problemas e optimización do tempo.
- 12) Participación en audicións públicas adaptándose ao rol proporcionado.

### 6.1.3 Avaliación

#### Criterios de avaliación

1. Montar e desmontar o fagot correctamente, así como aprender as súas partes e amosar uns hábitos de hixiene adecuados ao instrumento.
2. Mostrar unha correcta posición corporal e dixital que permita a colocación cómoda do instrumento sen lesións, así como favorecer unha respiración relaxada e profunda.
3. Utilizar o esforzo muscular, a respiración diafragmática e a relaxación física adecuándose ás esixencias da execución instrumental, así como, amosar unha posición da embocadura que permita lograr un son libre e de maneira controlada sen fugas de aire.



4. Demostrar fluidez lectora en clave de fa en cuarta liña e no dominio da execución de estudos e obras/pezas sen desligar os aspectos técnicos dos musicais.
5. Mostrar un control e dominio das articulacións básicas de *picado*, *legato* e *staccato*, así como das dinámicas e agónicas.
6. Demostrar o dominio das escalas e arpejos de Do M, La m, Fa M e Sol M.
7. Acadar un nivel de memorización que permita fixar e reter pequenos fragmentos musicais.
8. Manter un coidado constante das lingüetas dobres.
9. Demostrar a capacidade para abordar técnica e ritmicamente o estudo dos métodos, leccións e obras/pezas dispostas no repertorio.
10. Presentar en público un programa adecuado ao seu nivel demostrando capacidade comunicativa e a calidade artística.

#### Mínimos esixibles

- 1) Montar e desmontar por orde e adecuadamente o instrumento, e coñecer o nome das diferentes partes que o conforman.
- 2) Adquirir unha boa posición corporal e dixital cunha correcta colocación do instrumento evitando tensións ou lesións.
- 3) Adquirir unha boa posición da embocadura e técnica respiratoria sen fugas de aire.
- 4) Diferenciar as articulacións de *picado* e *legato*. Coñecer o funcionamento do *staccato*.
- 5) Interpretar as escalas de Do M, La m, Fa M e Sol M, ligadas e picadas, con metrónomo negra=50.
- 6) Tocar en público polo menos dúas pezas, obras ou movementos do repertorio.
- 7) Desenvolver correctamente os seguintes contidos:

#### Primeiro trimestre:

- “Aprende tocando el fagot”. Peter Wastall: unidades 1, 2 e 3.
- “The Boosey Woodwind” (Book 1). Boosey&Hawkes: Stages 1-2.
- Unha pequena peza adaptada ao nivel deste curso.





#### Segundo trimestre:

- Escala de Do M, ligada e picada, con metrónomo negra=50.
- Aprende tocando el fagot. Peter Wastall: unidades 4, 5 e 6.
- “The Boosey Woodwind” (Book 1). Boosey&Hawkes: Stages 3.
- Unha pequena peza adaptada ao nivel deste curso.

#### Terceiro trimestre:

- Escalas de Fa M e Sol M, ligado, picado e staccato, con metrónomo negra=50.
- Aprende tocando el fagot. Peter Wastall: unidades 7 e 8.
- “The Boosey Woodwind” (Book 1). Boosey&Hawkes: Stages 4.
- Unha pequena peza adaptada ao nivel deste curso.

#### Procedementos e ferramentas de avaliación

- O/a profesor/a fará unha avaliación diagnóstica inicial do estado do alumnado na primeira clase do curso para establecer o nivel basal cunha cualificación. Esta avaliación abranguerá unha selección dos contidos xerais básicos de música.
- Observación sistemática: valorarase o rendemento semanal mediante unha rúbrica de cualificación baseada en tres eidos principais (**técnica 35%, interpretación 35% e actitude 30%**) que abranguerá: a actitude, estudo e interese do alumnado fronte á materia e cara ao/á profesor/a; o desenvolvemento e aplicación técnica do conxunto de actividades de clase, e a capacidade interpretativa do alumnado.
- Audicións:
  - ❖ Realizarase unha audición por trimestre consistente na interpretación dunha obra, peza ou movemento con acompañamento de piano (se o require), unha selección de estudos ou exercicios técnicos propostos polo/a profesor/a, e unha selección de escala/arpexo de memoria dos contidos totais desenvolvidos durante o trimestre. Para avaliar este apartado empregarase unha rúbrica deseñada para tal efecto na que



disporá de tres sub-apartados: **tonalidades 5%, estudos 10%, obras 10%.**

### Criterios de cualificación

Procedementos	Criterios de cualificación
<b>1. Observación sistemática semanal desagregada en:</b>	<b>75%</b>
<i>1.1 Técnica</i>	<i>35%</i>
<i>1.2 Interpretación</i>	<i>35%</i>
<i>1.3 Actitude</i>	<i>30%</i>
<b>2. Audición trimestral* desagregada en:</b>	<b>25%</b>
<i>2.1 Tonalidades</i>	<i>5%</i>
<i>2.2 Estudos ou leccións</i>	<i>10%</i>
<i>2.3 Obras ou pezas</i>	<i>10%</i>

\*A audición trimestral constará dos seguintes apartados:

1. Interpretación dunha selección de escalas e arpexos, ligadas ou picadas, con metrónomo das traballadas no trimestre: 5%.
2. Unha selección de leccións ou estudos traballados durante o trimestre: 10%.
3. Unha obra, peza ou movemento traballado no trimestre: 10%.

Puntuación:

Respecto do sistema de puntuación reflectido a través dos boletíns de cualificacións trimestrais e a través da plataforma dixital CentrosNet, a indispoñibilidade de empregar decimais determina que a cualificación numérica trimestral mudará á nota numérica superior cando o número decimal sexa igual o maior ca 5 (á alza), e á nota numérica inferior cando sexa menor ca 5 (á baixa). Deste modo, só se empregarán números

enteiros.

### Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

Se se considera oportuno, o profesorado titor do alumnado solicitará durante o comezo do primeiro trimestre de curso á Xefatura de Estudos unha Xunta Avaliadora na que se valorará a situación académica e a capacidade de aprendizaxe do alumnado no curso actual e daquel ao que aspire a acceder, previa superación dos obxectivos e contidos propostos para o curso no que se atopa.

## 6.1.4 Medidas de recuperación

### Procedementos de recuperación ordinarios

A recuperación das avaliacións suspensas integrarase dentro das actividades e probas programadas dentro da seguinte avaliación, contemplando actividades de reforzo nos puntos en que o alumnado presente maior dificultade. Entenderase que o alumnado aprobará a avaliación pendente cando supere os contidos mínimos esixibles, e polo tanto, demostre a capacidade para abordar os próximos contidos programados a través dos criterios de avaliación correspondentes.

### Probas extraordinarias

No caso de que o alumnado non supere a materia de fagot na avaliación final, poderase presentar á proba extraordinaria que se celebrará durante o mes de xuño e que consistirá na interpretación de dúas tonalidades (escalas e arpexos), dous estudos ou unidades, e dúas obras, pezas ou movementos; dos contidos didácticos programados para o curso, á elección do/da profesor/a.

Criterios de avaliación da proba extraordinaria:

- Avaliarase a produción do son e calidade sonora. (10%)
- Avaliarase a afinación. (10%)
- Avaliarase a técnica respiratoria e a embocadura. (10%)
- Avaliarase a postura corporal e posicións dixitais. (10%)
- Avaliaranse os distintos tipos de articulacións e emisións. (10%)



- Avaliarase a musicalidade, fraseos e dinámicas. (10%)
- Avaliarase a capacidade de memorización. (10%)
- Avaliarase a seguridade durante o desenvolvemento da proba. (10%)
- Avaliarase o control técnico. (10%)
- Avaliarase a capacidade interpretativa. (10%)

O profesorado poderá solicitar o asesoramento doutro especialista da materia ou xefe/a de Departamento para a realización destas probas. Esta función só será de asesorar mediante un informe ao titular, que será o que realice a avaliación das probas extraordinarias.

### 6.1.5 Recursos didácticos

#### Métodos/Libros

- **Aprende tocando el Fagot (Leccións 1-8). P.Wastall**
- **The Boosey Woodwind Method (Book 1). Boosey&Hawkes**
- Escalando por el mundo con mi fagot (1º E.E.). M. Fernández y A. Mata
- Bravo basson (Páx. 2 - 6). C. Barrat
- First book of bassoon. Hilling e Bergmann
- La clase colectiva. Ibáñez-Cursá

#### Obras/Pezas

- **Aprende tocando el fagot. (Pezas de Concerto das unidades 1-8). P. Wastall**
- Easy book for basson (Pezas 1 a 4). G.Sheen.
- Starter Solos (obras 1 – 11). P. Sparke
- Bravo! Bassoon. Carol Barratt
- Razzamajazz for Bassoon. Sarah Watts

**Nota:** ademais dos métodos e obras aquí expostos, poderanse utilizar aqueles de semellante dificultade que o/a profesor/a considere oportunos.

## 6.2 Curso: 2º Grao Elemental

### 6.2.1 Obxectivos

Segundo o *Decreto 198/2007*, o ensino de instrumentos de vento-madeira nas ensinanzas de réxime especial no grao elemental de música terá como obxectivo contribuír a desenvolver no alumnado as seguintes capacidades:

- a) Adoptar unha posición corporal que permita respirar con naturalidade e que favoreza a correcta colocación do instrumento e a coordinación entre ambas as mans.
- b) Controlar o aire mediante a respiración diafragmática e os músculos que forman a embocadura, de xeito que posibilite unha correcta emisión, afinación, articulación e flexibilidade do son.
- c) Saber empregar con precisión os reflexos necesarios para corrixir de forma automática a afinación das notas e a calidade do son.
- d) Coñecer as características e as posibilidades sonoras do instrumento e sabelas empregar, dentro das exixencias do nivel, tanto na interpretación individual como na de conxunto.
- e) Demostrar unha sensibilidade auditiva que permita o control permanente de afinación e o perfeccionamento continuo da calidade sonora.
- f) Emitir un son estable, en toda a extensión do instrumento, comezando a empregar o vibrato e os matices para lle dar cor e expresión á interpretación musical.
- g) Coñecer a montaxe e a fabricación das lingüetas e poder rebaxalas para o seu correcto funcionamento (instrumentos de lingüeta dobre).
- h) Interpretar un repertorio básico integrado por obras de diferentes épocas e estilos, dunha dificultade acorde a este nivel.

#### **Os obxectivos devanditos terán a seguinte aplicación segundo o curso 2º G.E.:**

1. Afianzar os contidos asimilados no curso anterior.



2. Reforzar os aspectos da montaxe, mantemento e conservación do instrumento e coñecer as características das diferentes partes que o conforman.
3. Desenvolver unha posición corporal, dixital e respiratoria correcta que permita o dominio e control do instrumento evitando posibles tensións ou lesións.
4. Adoptar unha posición da embocadura que permita lograr un son libre e de maneira controlada dende Do1 ata Do3 controlando as articulacións *de picado, legato, staccato e tenuto*.
5. Ler a clave de Fa en cuarta liña de maneira solvente.
6. Coñecer e executar escalas e arpejos de ata 2 alteracións, maiores e menores (natural e harmónica) en distintas articulacións.
7. Memorizar escalas e arpejos, así coma breves fragmentos musicais procedentes de estudos e pezas.
8. Empregar os diferentes tipos de articulacións básicas (*picado, legato, staccato e tenuto*), así como diferenciar as dinámicas subxacentes *fortíssimo (ff), forte (f), mezzoforte (mf), mezzopiano (mp), piano (p) e pianíssimo (pp)*; *crescendo e decrescendo*.
9. Coñecer a montaxe e conservación das lingüetas dobres.
10. Conseguir a destreza necesaria para interpretar correctamente as pezas e estudos programados nos contidos deste curso.
11. Practicar as obras do curso co pianista acompañante, desenvolvendo aspectos como afinación, sincronización, audición do resto de voces, interpretación de roles, xestualidade, etc.
12. Desenvolver hábitos de estudo, valorando o rendemento conseguido en función do tempo empregado.
13. Tocar en público con autocontrol.

## 6.2.2 Contidos

- 1) Práctica da montaxe, desmontaxe, limpeza e desinfección do instrumento e coñecemento das normas básicas para a correcta conservación, mantemento e hixiene.



- 2) Exercicios de control, dominio e rectificación da posición corporal e dixital do alumnado co instrumento.
- 3) Exercicios de embocadura e respiración sen instrumento e con el (notas tidas controlando a afinación, calidade do son e dosificación do aire), práctica da relaxación e respiración para o desenvolvemento da capacidade pulmonar.
- 4) Práctica de articulacións de *picado*, *legato*, *staccato* e *tenuto* e lectura das súas grafías, así coma dos matices *fortíssimo*, *forte*, *mezzoforte*, *mezzopiano*, *piano* e *pianíssimo*; *crescendo* e *decrescendo*.
- 5) Práctica da lectura da clave de fa en cuarta liña en diferentes rexistros e alturas.
- 6) Práctica de escalas, arpexos e intervalos de ata 2 alteracións (maiores e menores).
- 7) Adestramento permanente e progresivo da memoria en fragmentos musicais e escalas.
- 8) Lectura a vista de obras e fragmentos sinxelos con diferenciación de dinámicas, articulacións e agónicas.
- 9) Coñecemento da fabricación e conservación das lingüetas dobres.
- 10) Desenvolvemento do sistema rítmico que axude á identificación de problemas métricos.
- 11) Establecemento dun sistema de estudo baseado na localización de problemas e optimización do tempo.
- 12) Participación en audicións adaptándose ao rol proporcionado e co acompañamento de pianista acompañante se a obra o require.

### 6.2.3 **Avaliación**

#### Criterios de avaliación

1. Consolidar os coñecementos adquiridos no curso anterior, e adquirir un bo hábito de estudo.
2. Montar e desmontar o fagot correctamente, así como aprender as súas partes e amosar uns hábitos de hixiene adecuados ao instrumento.



3. Mostrar unha correcta posición corporal e dixital que permita a colocación cómoda do instrumento sen tensións ou lesións, así como favorecer unha respiración relaxada e profunda.
4. Utilizar o esforzo muscular, a respiración diafragmática e a relaxación física adecuándose ás esixencias da execución instrumental, así como, amosar unha posición da embocadura que permita lograr un son libre e de maneira controlada sen fugas de aire.
5. Demostrar fluidez lectora en clave de fa en cuarta liña e no dominio da execución de estudos e obras/pezas sen desligar os aspectos técnicos dos musicais.
6. Mostrar un control e dominio das articulacións de *picado*, *legato*, *staccato* e *tenuto*, así como das dinámicas e agónicas.
7. Demostrar o dominio das escalas e arpejos de ata 2 alteracións.
8. Acadar un nivel de memorización que permita fixar e reter pequenos fragmentos musicais.
9. Manter un coidado constante das lingüetas dobres.
10. Demostrar a capacidade para abordar técnica e ritmicamente o estudo dos métodos, leccións e obras/pezas dispostas no repertorio.
11. Presentar en público un programa adecuado ao seu nivel demostrando capacidade comunicativa e a calidade artística.

#### Mínimos esixibles

- 1) Montar e desmontar por orde e adecuadamente o instrumento, e coñecer o nome das diferentes partes que o conforman.
- 2) Adquirir unha boa posición corporal e dixital coa colocación do instrumento evitando tensións ou lesións.
- 3) Adquirir unha boa posición da embocadura e técnica respiratoria sen fugas de aire.
- 4) Diferenciar as articulacións de *picado*, *legato* e *staccato*. Coñecer o funcionamento do *tenuto*.
- 5) Interpretar de memoria as escalas e arpejos de ata 2 alteracións, ligadas e picadas, con metrónomo de negra=60.





- 6) Tocar mantendo un son e afinación estable no rexistro comprendido dende do1 ata do3.
- 7) Tocar en público polo menos dúas pezas do repertorio e asistir regularmente aos ensaios co/coa pianista acompañante (se a obra o require).
- 8) Desenvolver correctamente os seguintes contidos:

Primeiro trimestre:

- Escalas e arpexos de ata unha alteración, maiores e menores (naturais e harmónicas), ligadas e picadas en velocidade de negra=60.
- “Aprende tocando el fagot” Peter Wastall: unidades 9, 10 e 11.
- The Boosey Woodwind” Book 1. Boosey and Hawkes. Stages: 5 e 6.
- Unha pequena peza adaptada ao nivel deste curso.

Segundo trimestre:

- Escalas e arpexos de ata dúas alteracións, maiores e menores (naturais e harmónicas), ligadas, picadas e en staccato, en velocidade de negra=60.
- “Aprende tocando el fagot”. Peter Wastall: unidades 12, 13 e 14.
- The Boosey Woodwind” Book 1. Boosey and Hawkes. Stage: 7.
- Unha pequena peza adaptada ao nivel deste curso.

Terceiro trimestre:

- Escalas e arpexos de ata dúas alteracións, maiores e menores (naturais e harmónicas), ligadas, picadas e en staccato en velocidade de negra=60.
- “Aprende tocando el fagot”. Peter Wastall: unidades 15 e 16.
- The Boosey Woodwind” Book 1. Boosey and Hawkes. Stage: 8.
- Unha pequena peza adaptada ao nivel deste curso.



### Procedementos e ferramentas de avaliación

- O/a profesor/a fará unha avaliación diagnóstica inicial do estado do alumnado na primeira clase do curso para establecer o nivel basal cunha cualificación. Esta avaliación abranguerá unha selección dos contidos do curso anterior.
- Observación sistemática: valorarase o rendemento semanal mediante unha rúbrica de cualificación baseada en tres eidos principais (**técnica 35%, interpretación 35% e actitude 30%**) que abranguerá: a actitude, estudo e interese do alumnado fronte á materia e cara ao/á profesor/a; o desenvolvemento e aplicación técnica do conxunto de actividades de clase, e a capacidade interpretativa do alumnado.
- Audicións:
  - ❖ Realizarase unha audición por trimestre consistente na interpretación dunha obra, peza ou movemento con acompañamento de piano (se o require), unha selección de estudos ou exercicios técnicos propostos polo/a profesor/a, e unha selección de escalas/arpexos de memoria dos contidos totais desenvolvidos durante o trimestre. Para avaliar este apartado empregarase unha rúbrica deseñada para tal efecto na que disporá de tres sub-apartados: **tonalidades (5%), estudos (10%), obras (10%)**.

### Criterios de cualificación

Procedementos	Criterios de cualificación
<b>1. Observación sistemática semanal desagregada en:</b>	<b>75%</b>
<i>1.1 Técnica</i>	<i>35%</i>
<i>1.2 Interpretación</i>	<i>35%</i>
<i>1.3 Actitude</i>	<i>30%</i>
<b>2. Audición trimestral* desagregada en:</b>	<b>25%</b>



<i>2.1 Tonalidades</i>	5%
<i>2.2 Estudos ou leccións</i>	10%
<i>2.3 Obras ou pezas</i>	10%

\*A audición trimestral constará dos seguintes apartados:

1. Interpretación dunha selección de escalas e arpexos, ligadas ou picadas, con metrónomo das traballadas no trimestre: 5%.
2. Unha selección de leccións ou estudos traballados durante o trimestre: 10%.
3. Unha obra, peza ou movemento traballado no trimestre: 10%.

Puntuación:

Respecto do sistema de puntuación reflectido a través dos boletíns de cualificacións trimestrais e a través da plataforma dixital CentrosNet, a indispoñibilidade de empregar decimais determina que a cualificación numérica trimestral mudará á nota numérica superior cando o número decimal sexa igual o maior ca 5 (á alza), e á nota numérica inferior cando sexa menor ca 5 (á baixa). Deste modo, só se empregarán números enteiros.

#### **Criterios para a concesión de ampliación de matrícula**

Se se considera oportuno, o profesorado titor do alumnado solicitará durante o comezo do primeiro trimestre de curso á Xefatura de Estudos unha Xunta Avaliadora na que se valorará a situación académica e a capacidade de aprendizaxe do alumnado no curso actual e daquel ao que aspire a acceder, previa superación dos obxectivos e contidos propostos para o curso no que se atopa.

### **6.2.4 Medidas de recuperación**

#### **Procedementos de recuperación ordinarios**

A recuperación das avaliacións suspensas integrarase dentro das actividades e probas programadas dentro da seguinte avaliación, contemplando actividades de reforzo nos



puntos en que o alumnado presente maior dificultade. Entenderase que o alumnado aprobará a avaliación pendente cando supere os contidos mínimos esixibles, e polo tanto, demostre a capacidade para abordar os próximos contidos programados a través dos criterios de avaliación correspondentes.

No caso de que o alumnado teña pendente a materia do curso anterior, deberá recuperala no presente curso, pero non se comezarán cos novos contidos ata que non se alcancen os obxectivos do curso anterior. Nese momento, darase por recuperada a materia pendente.

### Probas extraordinarias

No caso de que o alumnado non supere a materia de fagot na avaliación final, poderase presentar á proba extraordinaria que se celebrará durante o mes de xuño e que consistirá na interpretación de dúas tonalidades (escalas e arpexos), dous estudos ou leccións, e dúas obras, pezas ou movementos dos contidos didácticos programados para o curso, á elección do/da profesor/a.

Criterios de avaliación:

- Avaliarase a produción do son e calidade sonora. (10%)
- Avaliarase a afinación. (10%)
- Avaliarase a técnica respiratoria e a embocadura. (10%)
- Avaliarase a postura corporal e posicións dixitais. (10%)
- Avaliaranse os distintos tipos de articulacións e emisións. (10%)
- Avaliarase a musicalidade, fraseos e dinámicas. (10%)
- Avaliarase a capacidade de memorización. (10%)
- Avaliarase a seguridade durante o desenvolvemento da proba. (10%)
- Avaliarase o control técnico. (10%)
- Avaliarase a capacidade interpretativa. (10%)

O profesorado poderá solicitar o asesoramento doutro especialista da materia ou xefe/a de Departamento para a realización destas probas. Esta función só será de asesorar



mediante un informe ao titular, que será o que realice a avaliación das probas extraordinarias.

## 6.2.5 Recursos didácticos

### Métodos/Libros

- **Aprende tocando el Fagot (Leccións 9-16). P.Wastall**
- **The Boosey Woodwind Method (Book 1: Stages 5-8). Boosey&Hawkes**
- Escalando por el mundo con mi fagot (2º E.E.). M. Fernández y A. Mata
- First book of bassoon. Hilling e Bergmann
- Scales & Arpeggios. J Davies.
- La clase colectiva. Ibáñez-Cursá

### Obras/Pezas

- **Aprende tocando el fagot: pezas de Concerto (unidades 9-16). Peter Wastall**
- **La clase colectiva. Ibáñez-Cursá**
- Easy book for basson (Pezas 5-11). G.Sheen.
- Starter Solos (obras 10 – 18). P. Sparke
- Classic Festival Solos 1 e 2
- Razzamajazz for Bassoon. Sarah Watts

**Nota:** *ademais dos métodos e obras aquí expostos, poderanse utilizar aqueles de semellante dificultade que o/a profesor/a considere oportunos.*

## 6.3 Curso: 3º Grao Elemental

### 6.3.1 Obxectivos

Segundo o *Decreto 198/2007*, o ensino de instrumentos de vento-madeira nas ensinanzas de réxime especial no grao elemental de música terá como obxectivo contribuír a desenvolver no alumnado as seguintes capacidades:

- a) Adoptar unha posición corporal que permita respirar con naturalidade e que favoreza a correcta colocación do instrumento e a coordinación entre ambas as mans.
- b) Controlar o aire mediante a respiración diafragmática e os músculos que forman a embocadura, de xeito que posibilite unha correcta emisión, afinación, articulación e flexibilidade do son.
- c) Saber empregar con precisión os reflexos necesarios para corraxir de forma automática a afinación das notas e a calidade do son.
- d) Coñecer as características e as posibilidades sonoras do instrumento e sabelas empregar, dentro das exixencias do nivel, tanto na interpretación individual como na de conxunto.
- e) Demostrar unha sensibilidade auditiva que permita o control permanente de afinación e o perfeccionamento continuo da calidade sonora.
- f) Emitir un son estable, en toda a extensión do instrumento, comezando a empregar o vibrato e os matices para lle dar cor e expresión á interpretación musical.
- g) Coñecer a montaxe e a fabricación das lingüetas e poder rebaixalas para o seu correcto funcionamento (instrumentos de lingüeta dobre).
- h) Interpretar un repertorio básico integrado por obras de diferentes épocas e estilos, dunha dificultade acorde a este nivel.

#### **Os obxectivos devanditos terán a seguinte aplicación segundo o curso 3º G.E.:**

1. Afianzar os contidos asimilados do curso anterior.
2. Reforzar os aspectos da montaxe, mantemento e conservación do instrumento e coñecer as características das diferentes partes que o conforman.



3. Desenvolver unha posición corporal, dixital e respiratoria correcta que permita o dominio e control do instrumento evitando posibles tensións ou lesións.
4. Adoptar unha posición da embocadura que permita lograr un son libre e de maneira controlada dende Sib-1 ata Fa3 controlando as articulacións *de picado, legato, staccato, tenuto*, así coma dos ornamentos.
5. Ler a clave de Fa en cuarta liña de maneira solvente nos diferentes rexistros.
6. Coñecer e executar as escalas e arpejos de ata tres alteracións, maiores e menores (naturais e harmónica), con diferentes articulacións e utilizando a extensión de ata tres octavas.
7. Memorizar escalas e arpejos, así coma fragmentos musicais procedentes de estudos ou pezas.
8. Empregar os diferentes tipos de articulacións básicas (*picado, legato, staccato e tenuto*), así como diferenciar as dinámicas subxacentes *fortísimo (ff), forte (f), mezzoforte (mf), mezzopiano (mp), piano (p) e pianísimo (pp)*; *crescendo e decrescendo*.
9. Coñecer a montaxe e conservación das lingüetas dobres.
10. Conseguir a destreza necesaria para interpretar correctamente as pezas e estudos programados nos contidos deste curso
11. Practicar as obras do curso co pianista acompañante, desenvolvendo aspectos como afinación, sincronización, audición do resto de voces, interpretación de roles, xestualidade, etc.
12. Desenvolver hábitos de estudo, valorando o rendemento conseguido en función do tempo empregado.
13. Tocar en público con autocontrol.

### 6.3.2 Contidos

- 1) Práctica da montaxe, desmontaxe, limpeza e desinfección do instrumento e coñecemento das normas básicas para a correcta conservación, mantemento e hixiene.



- 2) Exercicios de control, dominio e rectificación da posición corporal e dixital do alumnado co instrumento.
- 3) Exercicios de embocadura e respiración sen instrumento e con el (notas tidas controlando a afinación, calidade do son e dosificación do aire), práctica da relaxación e respiración para o desenvolvemento da capacidade pulmonar.
- 4) Práctica de articulacións de *picado*, *legato*, *staccato* e *tenuto* e lectura das súas grafías, así coma dos matices *fortíssimo*, *forte*, *mezzoforte*, *mezzopiano*, *piano* e *pianíssimo*; *crescendo* e *decrescendo* e ornamentos.
- 5) Práctica da lectura da clave de fa en cuarta liña en diferentes rexistros e alturas.
- 6) Práctica de escalas, arpexos e intervalos de ata 3 alteracións (maiores e menores).
- 7) Adestramento permanente e progresivo da memoria en fragmentos musicais e escalas e arpexos.
- 8) Lectura a vista de obras e fragmentos sinxelos con diferenciación de rexistros, dinámicas, articulacións e agóxicas.
- 9) Coñecemento da fabricación e conservación das lingüetas dobres.
- 10) Desenvolvemento do sistema rítmico que axude á identificación de problemas métricos.
- 11) Establecemento dun sistema de estudo baseado na localización de problemas e optimización do tempo.
- 12) Participación en audicións adaptándose ao rol proporcionado e co acompañamento de pianista acompañante se a obra o require.

### 6.3.3 Avaliación

#### Criterios de avaliación

1. Consolidar os coñecementos adquiridos no curso anterior, e adquirir un bo hábito de estudo.





2. Montar e desmontar o fagot correctamente, así como comprender as características das súas partes e amosar uns hábitos de hixiene adecuados ao instrumento.
3. Mostrar unha correcta posición corporal e dixital que permita a colocación cómoda do instrumento sen tensións ou lesións, así como favorecer unha respiración diafragmática, relaxada e profunda.
4. Utilizar o esforzo muscular, a respiración diafragmática e a relaxación física adecuándose ás esixencias da execución instrumental, así como, amosar unha posición da embocadura que permita lograr un son libre e de maneira controlada sen fugas de aire.
5. Demostrar fluidez lectora nos distintos rexistros da clave de fa en cuarta liña e no dominio da execución de estudos e obras/pezas sen desligar os aspectos técnicos dos musicais.
6. Mostrar un control e dominio das articulacións de *picado*, *legato*, *staccato* e *tenuto*, así como dos ornamentos, dinámicas e agónicas.
7. Demostrar o dominio das escalas e arpejos de ata 3 alteracións.
8. Acadar un nivel de memorización que permita fixar e reter fragmentos musicais completos.
9. Manter un coidado e conservación constante das lingüetas dobres.
10. Demostrar a capacidade para abordar técnica e ritmicamente o estudo dos métodos, leccións e obras/pezas dispostas no repertorio.
11. Presentar en público un programa adecuado ao seu nivel demostrando capacidade comunicativa e a calidade artística.

#### Mínimos esixibles

- 1) Montar e desmontar por orde e adecuadamente o instrumento, e coñecer as características das diferentes partes que o conforman.
- 2) Adquirir unha boa posición corporal e dixital coa colocación do instrumento evitando tensións ou lesións.
- 3) Adquirir unha boa posición da embocadura e técnica respiratoria sen fugas de aire.
- 4) Diferenciar as articulacións de *picado*, *legato*, *staccato* e *tenuto* e amosar certa solvencia na ornamentación.



- 5) Interpretar de memoria as escalas e arpejos de ata 3 alteracións en diferentes articulacións, con metrónomo negra= 70-80.
- 6) Tocar mantendo un son e afinación estable no rexistro comprendido entre Sib-1 ata Fa3.
- 7) Tocar en público polo menos dúas pezas do repertorio e asistir regularmente aos ensaios co/coa pianista acompañante (se a obra o require).
- 8) Desenvolver correctamente os seguintes contidos:

Primeiro trimestre:

- Escalas e arpejos de ata dúas alteracións maiores e menores, con diferentes tipos de articulacións, con metrónomo negra=70.
- “Aprende tocando el fagot”. Peter Wastall: unidades 17,18 e 19.
- “Practical method for the bassoon” (Vol.1). Julius Weissenborn: Unidades III-IV-V-VI.
- Unha peza adaptada ao nivel deste curso. (Going Solo)

Segundo trimestre:

- Escalas e arpejos de ata tres alteracións maiores e menores, con diferentes tipos de articulacións, con metrónomo negra=80.
- Aprende tocando el fagot. Peter Wastall: unidades 20, 21 e 22.
- “Practical method for the bassoon” (Vol.1). Julius Weissenborn: Unidades VI-VII-VIII.
- Unha peza adaptada ao nivel deste curso. (Going Solo).

Terceiro trimestre:

- Escalas ata tres alteracións maiores e menores, con diferentes tipos de articulacións, con metrónomo negra=80.
- “Aprende tocando el fagot”. Peter Wastall: unidades 23 e 24.
- “Practical method for the bassoon” (Vol.1). Julius Weissenborn: Unidades IX-X.
- Unha peza adaptada ao nivel deste curso. (Going Solo).



### Procedementos e ferramentas de avaliación

- O/a profesor/a fará unha avaliación diagnóstica inicial do estado do alumnado na primeira clase do curso para establecer o nivel basal cunha cualificación. Esta avaliación abranguerá unha selección dos contidos do curso anterior.
- Observación sistemática: valorarase o rendemento semanal mediante unha rúbrica de cualificación baseada en tres eidos principais (**técnica 35%, interpretación 35% e actitude 30%**) que abranguerá: a actitude, estudo e interese do alumnado fronte á materia e cara ao/á profesor/a; o desenvolvemento e aplicación técnica do conxunto de actividades de clase, e a capacidade interpretativa do alumnado.
- Audicións:
  - ❖ Realizarase unha audición por trimestre consistente na interpretación dunha obra, peza ou movemento con acompañamento de piano (se o require), unha selección de estudos ou exercicios técnicos propostos polo/a profesor/a, e unha selección de escalas/arpexos de memoria dos contidos totais desenvolvidos durante o trimestre. Para avaliar este apartado empregarase unha rúbrica deseñada para tal efecto na que disporá de tres sub-apartados: **tonalidades (5%), estudos (10%), obras (10%)**.

### Criterios de cualificación

Procedementos	Criterios de cualificación
<b>1. Observación sistemática semanal desagregada en:</b>	<b>75%</b>
<i>1.1 Técnica</i>	<i>35%</i>
<i>1.2 Interpretación</i>	<i>35%</i>
<i>1.3 Actitude</i>	<i>30%</i>
<b>2. Audición trimestral* desagregada en:</b>	<b>25%</b>



<i>2.1 Tonalidades</i>	<i>5%</i>
<i>2.2 Estudos ou leccións</i>	<i>10%</i>
<i>2.3 Obras ou pezas</i>	<i>10%</i>

\*A audición trimestral constará dos seguintes apartados:

1. Interpretación dunha selección de escalas e arpejos en diferentes articulacións das traballadas no trimestre co metrónomo: 5%.
2. Unha selección de leccións ou estudos traballados durante o trimestre: 10%.
3. Unha obra, peza ou movemento traballado no trimestre: 10%.

Puntuación:

Respecto do sistema de puntuación reflectido a través dos boletíns de cualificacións trimestrais e a través da plataforma dixital CentrosNet, a indispoñibilidade de empregar decimais determina que a cualificación numérica trimestral mudará á nota numérica superior cando o número decimal sexa igual o maior ca 5 (á alza), e á nota numérica inferior cando sexa menor ca 5 (á baixa). Deste modo, só se empregarán números enteiros.

#### **Criterios para a concesión de ampliación de matrícula**

Se se considera oportuno, o profesorado titor do alumnado solicitará durante o comezo do primeiro trimestre de curso á Xefatura de Estudos unha Xunta Avaliadora na que se valorará a situación académica e a capacidade de aprendizaxe do alumnado no curso actual e daquel ao que aspire a acceder, previa superación dos obxectivos e contidos propostos para o curso no que se atopa.

#### **6.3.4 Medidas de recuperación**

##### **Procedementos de recuperación ordinarios**

A recuperación das avaliacións suspensas integrarase dentro das actividades e probas programadas dentro da seguinte avaliación, contemplando actividades de reforzo nos puntos en que o alumnado presente maior dificultade. Entenderase que o alumnado



aprobará a avaliación pendente cando supere os contidos mínimos esixibles, e polo tanto, demostre a capacidade para abordar os próximos contidos programados a través dos criterios de avaliación correspondentes.

No caso de que o alumnado teña pendente a materia do curso anterior, deberá recuperala no presente curso, pero non se comezarán cos novos contidos ata que non se alcancen os obxectivos do curso anterior. Nese momento, darase por recuperada a materia pendente.

### Probas extraordinarias

No caso de que o alumnado non supere a materia de fagot na avaliación final, poderá presentarse á proba extraordinaria que se celebrará durante o mes de xuño e que consistirá na interpretación de dúas tonalidades (escalas e arpexos), catro estudos ou leccións, e dúas obras, pezas ou movementos dos contidos didácticos programados para o curso, á elección do/da profesor/a.

#### Criterios de avaliación

- Avaliarase a produción do son e calidade sonora. (10%)
- Avaliarase a afinación. (10%)
- Avaliarase a técnica respiratoria e a embocadura. (10%)
- Avaliarase a postura corporal e posicións dixitais. (10%)
- Avaliaranse os distintos tipos de articulacións e emisións. (10%)
- Avaliarase a musicalidade, fraseos e dinámicas. (10%)
- Avaliarase a capacidade de memorización. (10%)
- Avaliarase a seguridade durante o desenvolvemento da proba. (10%)
- Avaliarase o control técnico. (10%)
- Avaliarase a capacidade interpretativa. (10%)

O profesorado poderá solicitar o asesoramento doutro especialista da materia ou xefe/a de Departamento para a realización destas probas. Esta función só será de asesorar mediante un informe ao titular, que será o que realice a avaliación das probas extraordinarias.

### 6.3.5 Recursos didácticos

#### Métodos/Libros

- **Aprende tocando el Fagot (Leccións 17-24). P.Wastall**
- **Practical method for the bassoon (Unidades III-XII). J. Weissenborn**
- Escalando por el mundo con mi fagot (3º E.E.). M. Fernández y A. Mata
- Scales & Arpeggios. J Davies.
- The First Book of Bassoon Solos. Hiling/Bergmann
- La clase colectiva. Ibáñez-Cursá

#### Obras/Pezas

- **Aprende tocando el fagot: pezas de Concerto (unidades 17-24). Peter Wastall**
- **Going Solo. G. Sheen**
- **La clase colectiva. Ibáñez-Cursá**
- Starter Solos (obras 10 – 18). P. Sparke
- Bravo! Bassoon. Carol Barratt
- Classic Festival Solos 1 e 2
- Elegie. B. Leuthereau
- Little Suite. Rory Boyle
- Gavote. A. Hawkins.
- Rondel. P. Houdy.
- Sub-Aqua. V. Martins
- 12 Easy Duets for 2 Cellos. W.A. Mozart

**Nota:** ademais dos métodos e obras aquí expostos, poderanse utilizar aqueles de semellante dificultade que o/a profesor/a considere oportunos.

## 6.4 Curso: 4º Grao Elemental

### 6.4.1 Obxectivos

Segundo o *Decreto 198/2007*, o ensino de instrumentos de vento-madeira nas ensinanzas de réxime especial no grao elemental de música terá como obxectivo contribuír a desenvolver no alumnado as seguintes capacidades:

- a) Adoptar unha posición corporal que permita respirar con naturalidade e que favoreza a correcta colocación do instrumento e a coordinación entre ambas as mans.
- b) Controlar o aire mediante a respiración diafragmática e os músculos que forman a embocadura, de xeito que posibilite unha correcta emisión, afinación, articulación e flexibilidade do son.
- c) Saber empregar con precisión os reflexos necesarios para corraxir de forma automática a afinación das notas e a calidade do son.
- d) Coñecer as características e as posibilidades sonoras do instrumento e sabelas empregar, dentro das exixencias do nivel, tanto na interpretación individual como na de conxunto.
- e) Demostrar unha sensibilidade auditiva que permita o control permanente de afinación e o perfeccionamento continuo da calidade sonora.
- f) Emitir un son estable, en toda a extensión do instrumento, comezando a empregar o vibrato e os matices para lle dar cor e expresión á interpretación musical.
- g) Coñecer a montaxe e a fabricación das lingüetas e poder rebaixalas para o seu correcto funcionamento (instrumentos de lingüeta dobre).
- h) Interpretar un repertorio básico integrado por obras de diferentes épocas e estilos, dunha dificultade acorde a este nivel.

#### **Os obxectivos devanditos terán a seguinte aplicación segundo o curso 4º G.E.:**

1. Afianzar os contidos asimilados do curso anterior.



2. Dominar os aspectos da montaxe, mantemento e conservación do instrumento e coñecer as características das diferentes partes que o conforman.
3. Desenvolver unha posición corporal, dixital e respiratoria correcta que permita o dominio e control do instrumento evitando posibles tensións ou lesións.
4. Adoptar unha posición da embocadura que permita lograr un son libre e de maneira controlada dende Sib-1 ata Sol3 controlando as articulacións *de picado*, *legato*, *staccato*, *tenuto*, así coma dos ornamentos.
5. Ler a clave de Fa en cuarta liña de maneira solvente nos diferentes rexistros e amosar nocións básicas de lectura de clave de Do en cuarta liña.
6. Coñecer e executar as escalas e arpejos de ata catro alteracións, maiores e menores (naturais e harmónica), con diferentes articulacións e utilizando a extensión de ata tres octavas.
7. Memorizar escalas e arpejos, así coma estudos e movementos completos de obras ou pezas.
8. Empregar os diferentes tipos de articulacións básicas (*picado*, *legato*, *staccato* e *tenuto*), así como diferenciar as dinámicas subxacentes *fortíssimo (ff)*, *forte (f)*, *mezzoforte (mf)*, *mezzopiano (mp)*, *piano (p)* e *pianíssimo (pp)*; *crescendo* e *decrescendo*, etc.
9. Amosar técnicas de ornamentación fundamentais, tales como trinos, *grupetos*, *mordentes* e *acciacaturas*, entre outros.
10. Mellorar o sentido da afinación, tanto individualmente como en conxunto.
11. Coñecer a montaxe e conservación das lingüetas dobres.
12. Conseguir a destreza necesaria para interpretar correctamente as pezas e estudos programados nos contidos deste curso
13. Practicar as obras do curso co pianista acompañante, desenvolvendo aspectos como afinación, sincronización, audición do resto de voces, interpretación de roles, xestualidade, etc.
14. Desenvolver hábitos de estudo, valorando o rendemento conseguido en función do tempo empregado.
15. Tocar en público con autocontrol.



## 6.4.2 Contidos

- 1) Práctica da montaxe, desmontaxe, limpeza e desinfección do instrumento e coñecemento das normas básicas para a correcta conservación, mantemento e hixiene.
- 2) Exercicios de control, dominio e rectificación da posición corporal e dixital do alumnado co instrumento.
- 3) Exercicios de embocadura e respiración sen instrumento e con el (notas tidas controlando a afinación, calidade do son e dosificación do aire), práctica da relaxación e respiración para o desenvolvemento da capacidade pulmonar.
- 4) Práctica de articulacións de *picado*, *legato*, *staccato* e *tenuto* e lectura das súas grafías, así coma das dinámicas de *fortissimo*, *forte*, *mezzoforte*, *mezzopiano*, *piano* e *pianissimo*; *crescendo* e *decrescendo* e ornamentos.
- 5) Práctica da lectura de clave de Do en cuarta liña en diferentes rexistros e alturas.
- 6) Práctica de escalas, arpxos e intervalos de ata 4 alteracións (maiores e menores), amais da escala cromática en todo o rexistro coñecido.
- 7) Adestramento permanente e progresivo da memoria en fragmentos musicais completos, escalas e arpxos.
- 8) Lectura a vista de obras e fragmentos sinxelos con diferenciación de rexistros, dinámicas, articulacións e agóxicas.
- 9) Exercicios de ornamentación fundamentais baseados en trinos, *grupetos*, *mordentes* e *acciacaturas*, entre outros.
- 10) Práctica da afinación mediante o emprego do afinador e co/a profesor/a.
- 11) Coñecemento da fabricación e conservación das lingüetas dobres.
- 12) Desenvolvemento do sistema rítmico que axude á identificación de problemas métricos.
- 13) Establecemento dun sistema de estudo baseado na localización de problemas e optimización do tempo.
- 14) Participación en audicións adaptándose ao rol proporcionado e co acompañamento de pianista acompañante se a obra o require. .

### 6.4.3 Avaliación

#### Criterios de avaliación

1. Consolidar os coñecementos adquiridos no curso anterior, e adquirir un bo hábito de estudo.
2. Montar e desmontar o fagot correctamente, así como comprender as características das súas partes e amosar uns hábitos de hixiene adecuados ao instrumento.
3. Mostrar unha correcta posición corporal e dixital que permita a colocación cómoda do instrumento sen tensións ou lesións, así como favorecer unha respiración diafragmática, relaxada e profunda.
4. Utilizar o esforzo muscular, a respiración diafragmática e a relaxación física adecuándose ás esixencias da execución instrumental, así como, amosar unha posición da embocadura que permita lograr un son libre e de maneira controlada sen fugas de aire.
5. Demostrar fluidez lectora nos distintos rexistros da clave de fa en cuarta liña, e clave de Do en cuarta liña, e no dominio da execución de estudos e obras/pezas sen desligar os aspectos técnicos dos musicais.
6. Mostrar un control e dominio das articulacións de *picado*, *legato*, *staccato* e *tenuto*, dinámicas e agónicas.
7. Demostrar o dominio das escalas e arpejos de ata 4 alteracións.
8. Acadar un nivel de memorización que permita fixar e reter fragmentos musicais completos.
9. Amosar técnicas de ornamentación fundamental baseada en trinos, *grupetos*, *mordentes* e *acciacaturas*, entre outros.
10. Recoñecer e empregar sistemas de corrección da afinación mediante a escoita activa.
11. Manter un coidado e conservación constante das lingüetas dobres.
12. Demostrar a capacidade para abordar técnica e ritmicamente o estudo dos métodos, leccións e obras/pezas dispostas no repertorio.
13. Presentar en público un programa adecuado ao seu nivel demostrando capacidade comunicativa e a calidade artística.



### Mínimos esixibles

- 1) Montar e desmontar por orde e adecuadamente o instrumento, e coñecer as características das diferentes partes que o conforman
- 2) Adquirir unha boa posición corporal e dixital coa colocación do instrumento evitando tensións ou lesións.
- 3) Adquirir unha boa posición da embocadura e técnica respiratoria sen fugas de aire.
- 4) Diferenciar as articulacións de *picado*, *legato*, *staccato* e *tenuto* e amosar certa solvencia na ornamentación.
- 5) Interpretar de memoria as escalas de ata catro alteracións e a escala cromática dende Sib-1 ata Fa3, con diferentes articulacións, con metrónomo negra=90-100.
- 6) Tocar mantendo unha afinación estable en todo o rexistro do instrumento, dende Sib-1 ata Sol3.
- 7) Tocar en público polo menos dúas pezas do repertorio e asistir regularmente aos ensaios co/coa pianista acompañante (se a obra o require).
- 8) Demostrar un coñecemento básico de lectura da clave de Do en 4ª liña.
- 9) Desenvolver correctamente os seguintes contidos:

#### Primeiro trimestre:

- Escalas ata tres alteracións e escala cromática, con diferentes tipos de articulacións, con metrónomo negra=90.
- “Practical method for the bassoon” (Vol.1) Julius Weissenborn. Unidades: XI-XII-XIII-XIV.
- “Going Solo” pezas nº 1-2-3-4 (dúas delas)

#### Segundo trimestre:

- Escalas ata catro alteracións e escala cromática, con diferentes tipos de articulacións, con metrónomo negra=90.
- “Practical method for the bassoon” (Vol.1). Julius Weissenborn. Unidades: XV-XVI-XVII-XVIII.



- “Going Solo” pezas nº 5-6-7-8 (dúas delas)
- Unha peza adaptada ao nivel deste curso de memoria.

Terceiro trimestre:

- Escalas ata catro alteracións e escala cromática, con diferentes tipos de articulacións, con metrónomo negra=100.
- “Practical method for the bassoon” (Vol.1). Julius Weissenborn.  
Unidades: XIX-XX.
- “Going Solo” pezas nº 9-10-11-12 (dúas delas)
- Unha peza adaptada ao nivel deste curso.

#### Procedementos e ferramentas de avaliación

- O/a profesor/a fará unha avaliación diagnóstica inicial do estado do alumnado na primeira clase do curso para establecer o nivel basal cunha cualificación. Esta avaliación abranguerá unha selección dos contidos do curso anterior.
- Observación sistemática: valorarase o rendemento semanal mediante unha rúbrica de cualificación baseada en tres eidos principais (**técnica 35%, interpretación 35% e actitude 30%**) que abranguerá: a actitude, estudo e interese do alumnado fronte á materia e cara ao/á profesor/a; o desenvolvemento e aplicación técnica do conxunto de actividades de clase, e a capacidade interpretativa do alumnado.
- Audicións:
  - ❖ Realizarase unha audición por trimestre consistente na interpretación dunha obra, peza ou movemento con acompañamento de piano (se o require), unha selección de estudos ou exercicios técnicos propostos polo/a profesor/a, e unha selección de escalas/arpexos de memoria dos contidos totais desenvolvidos durante o trimestre. Para avaliar este apartado empregarase unha rúbrica deseñada para tal efecto na que disporá de tres sub-apartados: **tonalidades (5%), estudos (10%), obras (10%)**.



### Criterios de cualificación

Procedementos	Criterios de cualificación
<b>1. Observación sistemática semanal desagregada en:</b>	<b>75%</b>
<i>1.1 Técnica</i>	<i>35%</i>
<i>1.2 Interpretación</i>	<i>35%</i>
<i>1.3 Actitude</i>	<i>30%</i>
<b>2. Audición trimestral* desagregada en:</b>	<b>25%</b>
<i>2.1 Tonalidades</i>	<i>5%</i>
<i>2.2 Estudos ou leccións</i>	<i>10%</i>
<i>2.3 Obras ou pezas</i>	<i>10%</i>

\*A audición trimestral constará dos seguintes apartados:

1. Interpretación dunha selección de escalas e arpejos, en diferentes articulacións das traballadas no trimestre co metrónomo: 5%.
2. Unha selección de leccións ou estudos traballados durante o trimestre: 10%.
3. Unha obra, peza ou movemento traballado no trimestre: 10%.

Puntuación:

Respecto do sistema de puntuación reflectido a través dos boletíns de cualificacións trimestrais e a través da plataforma dixital CentrosNet, a indispoñibilidade de empregar decimais determina que a cualificación numérica trimestral mudará á nota numérica superior cando o número decimal sexa igual o maior ca 5 (á alza), e á nota numérica inferior cando sexa menor ca 5 (á baixa). Deste modo, só se empregarán números enteiros.

#### 6.4.4 Medidas de recuperación

##### Procedementos de recuperación ordinarios

A recuperación das avaliacións suspensas integrarase dentro das actividades e probas programadas dentro da seguinte avaliación, contemplando actividades de reforzo nos puntos en que o alumnado presente maior dificultade. Entenderase que o alumnado aprobará a avaliación pendente cando supere os contidos mínimos esixibles, e polo tanto, demostre a capacidade para abordar os próximos contidos programados a través dos criterios de avaliación correspondentes.

No caso de que o alumnado teña pendente a materia do curso anterior, deberá recuperala no presente curso, pero non se comezarán cos novos contidos ata que non se alcancen os obxectivos do curso anterior. Nese momento, darase por recuperada a materia pendente.

##### Probas extraordinarias

No caso de que o alumnado non supere a materia de fagot na avaliación final, poderá presentarse á proba extraordinaria que se celebrará durante o mes de xuño e que consistirá na interpretación de dúas tonalidades (escalas e arpejos), catro estudos ou leccións, e dúas obras, pezas ou movementos dos contidos didácticos programados para o curso, á elección do/da profesor/a.

##### Criterios de avaliación

- Avaliarase a produción do son e calidade sonora. (10%)
- Avaliarase a afinación. (10%)
- Avaliarase a técnica respiratoria e a embocadura. (10%)
- Avaliarase a postura corporal e posicións dixitais. (10%)
- Avaliaranse os distintos tipos de articulacións e emisións. (10%)
- Avaliarase a musicalidade, fraseos e dinámicas. (10%)
- Avaliarase a capacidade de memorización. (10%)
- Avaliarase a seguridade durante o desenvolvemento da proba. (10%)
- Avaliarase o control técnico. (10%)

- Avaliarase a capacidade interpretativa. (10%)

O profesorado poderá solicitar o asesoramento doutro especialista da materia ou xefe/a de Departamento para a realización destas probas. Esta función só será de asesorar mediante un informe ao titular, que será o que realice a avaliación das probas extraordinarias.

#### 6.4.5 Recursos didácticos

##### Métodos/Libros

- **“Practical method for the bassoon”.** Julius Weissenborn.
- **“Bassoon Studies” Op. 8 vol. I.** Julius Weissenborn
- Easy book for basson (Pezas 12 e 13). G.Sheen.
- Escalando la técnica con mi fagot 3º-4º. Fernández-Mata
- Aprende tocando el fagot. P. Wastall

##### Obras/Pezas

- **Going Solo.** G. Sheen
- **Sonata en Mi m. B. Marcello**
- **Sonata en Re m. J.B. Boismortier**
- **Sonata para fagot e piano. J. Besozzi**
- **Fagotin. A. Ameller**
- Sonata en Sol m. E. Ecclés
- Sonata en Sol m. L. Merci
- “Menuet of the Oxen”. A. Hawkins
- Four Sketches for Bassoon and Piano. G. Jacob Ch. Norton
- “Gavotte for Bassoon”. A. Hawkins
- “Menuet e Gavote”. P. Lantier
- “Rusticana”. C. Arrieu
- Arioso and humoreske op.9 nº1 . J.Weissenborn
- Bassoon Bagatelles. R. Hanmer.



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



- Ballade du Gitan. F. Aubin
- Serenade. J. Weissenborn
- Little Suite. R. Boyle
- Belle Province. Gaspesie
- Bassoon Junior. Damase

**Nota:** *ademais dos métodos e obras aquí expostos, poderanse utilizar aqueles de semellante dificultade que o/a profesor/a considere oportunos.*



## 6.5 Curso: 1º Grao Profesional

### 6.5.1 Obxectivos

Segundo o *Decreto 203/2007*, o ensino de instrumentos de vento-madeira nas ensinanzas de réxime especial no grao profesional de música terá como obxectivo contribuír a desenvolver no alumnado as seguintes capacidades:

- a) Demostrar a sensibilidade auditiva necesaria para mellorar gradualmente a calidade do son.
- b) Interpretar un repertorio que inclúa obras representativas das distintas épocas e estilos de dificultade adecuada neste nivel.
- c) Practicar a fabricación de lingüetas dobres (para instrumentos que as teñan).
- d) Demostrar progresivamente maior autonomía para resolver cuestións relacionadas coa interpretación: dixitación, articulación, fraseo, etc.
- e) Coñecer as diversas convencións interpretativas vixentes en diferentes períodos da historia da música instrumental, especialmente as referidas á escritura rítmica ou á ornamentación.
- f) Adquirir e aplicar progresivamente ferramentas e habilidades para o desenvolvemento da memoria.
- g) Desenvolver a capacidade de ler á vista e aplicar con autonomía progresivamente maior os coñecementos musicais para a improvisación co instrumento.
- h) Practicar música de conxunto, en conxuntos de cámara de varias configuracións e interpretando papeis de solista con orquestra en obras de dificultade media, desenvolvendo así un sentido da interdependencia das tarefas respectivas.

**Os obxectivos devanditos terán a seguinte aplicación segundo o curso 1º G.P.:**

1. Afianzar os obxectivos propios do grao Elemental, sobre todo os relacionados coa posición corporal, respiración, embocadura, emisión, son e articulación, entre outros.
2. Ler con fluidez a clave de Do en 4ª liña e coñecer as súas características.
3. Desenvolver a sensibilidade auditiva para perfeccionar a calidade sonora e da afinación, tanto na interpretación individual como na de conxunto.
4. Ampliar o rexistro sonoro do instrumento: dende Sib-1 ata La3. Profundar no rexistro agudo a través da dixitación.
5. Interpretar escalas, arpejos e intervalos de ata cinco alteracións, maiores e menores (naturais e harmónicas), e a escala cromática, con diferentes articulacións e utilizando todo o rexistro coñecido (Sib-1 ata La3).
6. Coñecer e amosar técnicas de ornamentación de dificultade media propias da época barroca, así como do *vibrato*.
7. Memorizar escalas, arpejos e intervalos en distintas articulacións, estudos e obras propostas no curso.
8. Practicar a montaxe e raspado das lingüetas dobres.
9. Conseguir a destreza necesaria para interpretar correctamente as pezas e estudos programados nos contidos deste curso
10. Practicar as obras do curso co pianista acompañante, desenvolvendo aspectos como a afinación, sincronización, audición do resto de voces, interpretación de roles, xestualidade, etc.
11. Desenvolver hábitos de estudo, valorando o rendemento conseguido en función do tempo empregado.
12. Tocar en público con autocontrol.

## 6.5.2 Contidos

- 1) Exercicios de control, dominio e rectificación da posición corporal e dixital do alumnado co instrumento.
- 2) Exercicios de embocadura e respiración controlando a afinación, calidade do son e dosificación do aire, práctica da relaxación e respiración para o desenvolvemento da capacidade pulmonar.
- 3) Práctica da lectura de clave de Do en cuarta liña en diferentes rexistros e tesituras mediante diferentes sistemas de lectura.
- 4) Exercicios de afinación e corrección progresiva de erros nun rexistro comprendido entre Sib-1 ata La3 mediante a escoita activa e co afinador.
- 5) Práctica de escalas, arpejos e intervalos de ata cinco alteracións (maiores e menores), amais da escala cromática en todo o rexistro coñecido, en diferentes figuras rítmicas e velocidades.
- 6) Exercicios técnicos de ornamentación fundamentais baseados na época Barroca: *trinos, grupetos, notas de paso, adornos, etc...*
- 7) Iniciación ao vibrato.
- 8) Adestramento permanente e progresivo da memoria aplicada a movementos enteiros, pezas ou obras completas, así como das escalas e intervalos.
- 9) Lectura a vista de obras e fragmentos sinxelos con diferenciación de rexistros, claves, dinámicas, articulacións e agónicas.
- 10) Fabricación e axuste das lingüetas dobres: tratamento da pala de *Arundo Dónax*.
- 11) Desenvolvemento do sistema rítmico que axude á identificación de problemas métricos.
- 12) Establecemento dun hábito de estudo baseado na localización de problemas e optimización do tempo.
- 13) Participación en audicións adaptándose ao rol proporcionado e co acompañamento de pianista acompañante se a obra o require.
- 14) Práctica do repertorio do curso co/a pianista acompañante.

### 6.5.3 Avaliación

#### Criterios de avaliación

1. Consolidar os coñecementos adquiridos no curso anterior relacionados coa posición corporal, respiración, embocadura, emisión, son e articulación, entre outros.
2. Adquirir un bo hábito de estudo que repercuta nunha correcta planificación.
3. Amosar una lectura fluída da clave de Do en 4ª liña.
4. Mostrar unha progresión na identificación e control da afinación.
5. Demostrar o dominio das escalas, arpejos e intervalos de ata cinco alteracións, amais da escala cromática (dende SIb-1 ata La3).
6. Acadar un desenvolvemento creativo das técnicas de ornamentación propias do estilo barroco (*trinos, grupettos, notas de paso, mordentes, acciacaturas, etc...*).
7. Amosar un control básico do vibrato en notas longas ou tidas.
8. Demostrar solvencia na capacidade de memorizar textos longos.
9. Fabricar lingüetas dobres empregando o sistema amosado que permita a produción do son.
10. Demostrar o dominio na execución de estudos e obras sen desligar os aspectos técnicos dos musicais.
11. Demostrar a capacidade para abordar individualmente o estudo das obras de repertorio.
12. Presentar en público un programa adecuado o seu nivel demostrando capacidade comunicativa e calidade artística.
13. Utilizar o esforzo muscular, a respiración e a relaxación adecuados ás esixencias da execución instrumental.
14. Mostrar unha boa posición corporal e dixital que permita a colocación do instrumento, así como unha boa respiración diafragmática.

#### Mínimos esixibles

- 1) Adquirir unha boa posición corporal e dixital coa colocación do instrumento evitando tensións ou lesións.



- 2) Adquirir unha boa posición da embocadura e técnica respiratoria facendo fincapé ás esixencias da columna de aire no rexistro agudo.
- 3) Interpretar de memoria as escalas, arpexos e intervalos de ata cinco alteracións e a escala cromática (Sib-1 ata La3), con diferentes articulacións; con metrónomo negra=110.
- 4) Tocar mantendo unha afinación estable en todo o rexistro do instrumento, dende Sib-1 ata La3.
- 5) Identificar os tipos de ornamentación barroca e coñecer a súa execución.
- 6) Tocar en público polo menos dúas pezas do repertorio e asistir regularmente aos ensaios co/coa pianista acompañante (se a obra o require).
- 7) Demostrar unha lectura fluída da clave de Do en 4ª liña.
- 8) Desenvolver correctamente os seguintes contidos:

Primeiro trimestre:

- Escalas e arpexos de ata catro alteracións, amais da escala cromática no rexistro comprendido de Sib-1 ata La3, con metrónomo negra=100.
- “Fifty Advanced Studies” Op. 8 vol. 2. Julius Weissenborn (dos exercicios 1 ao 8, 5 deles)
- “Gammes et Exercices Journaliers”, vol. 1 de F. Oubradous (tonalidades de 0-1 alteracións, maiores e menores).
- Unha peza adaptada ao nivel deste curso.

Segundo trimestre:

- Escalas, arpexos e intervalos de ata catro alteracións, amais da escala cromática no rexistro comprendido de Sib-1 ata La3, con metrónomo negra=110.
- “Fifty Advanced Studies” Op. 8 vol. 2. Julius Weissenborn ( dos exercicios 9 ao 15, 4 deles).
- “Gammes et Exercices Journaliers” vol. 1 de F. Oubradous (tonalidades de 2 alteracións, maiores e menores).



- Unha peza adaptada ao nivel deste curso.

Terceiro trimestre:

- Escalas, arpexos e intervalos de ata cinco alteracións, amais da escala cromática no rexistro comprendido de Sib-1 ata La3, con metrónomo negra=110.
- “Fifty Advanced Studies” Op. 8 vol. 2. Julius Weissenborn (dos exercicios 16 ao 20, 3 deles).
- “Gammes et Exercices Journaliers” vol. 1 de F. Oubradous (tonalidades de 3 alteracións, maiores e menores).
- Unha peza adaptada ao nivel deste curso.

#### Procedementos e ferramentas de avaliación

- O/a profesor/a fará unha avaliación diagnóstica inicial do estado do alumnado na primeira clase do curso para establecer o nivel basal cunha cualificación. Esta avaliación abranguerá unha selección dos contidos do curso anterior.
- Observación sistemática: valorarase o rendemento semanal mediante unha rúbrica de cualificación baseada en tres eidos principais (**técnica 35%, interpretación 35% e actitude 30%**) que abranguerá: a actitude, estudo e interese do alumnado fronte á materia e cara ao/á profesor/a; o desenvolvemento e aplicación técnica do conxunto de actividades de clase, e a capacidade interpretativa do alumnado.
- Audicións:
  - ❖ Realizarase unha audición por trimestre consistente na interpretación dunha obra, peza ou movemento con acompañamento de piano (se o require), unha selección de estudos ou exercicios técnicos propostos polo/a profesor/a, e unha selección de escalas, arpexos e intervalos de memoria dos contidos totais desenvolvidos durante o trimestre. Para avaliar este apartado empregarase unha rúbrica deseñada para tal efecto na que disporá de tres sub-apartados: **tonalidades (5%), estudos (10%), obras (10%)**.



### Criterios de cualificación

Procedementos	Criterios de cualificación
<b>1. Observación sistemática semanal desagregada en:</b>	<b>75%</b>
<i>1.1 Técnica</i>	<i>35%</i>
<i>1.2 Interpretación</i>	<i>35%</i>
<i>1.3 Actitude</i>	<i>30%</i>
<b>2. Audición trimestral*</b> <b>desagregada en:</b>	<b>25%</b>
<i>2.1 Tonalidades</i>	<i>5%</i>
<i>2.2 Estudos ou leccións</i>	<i>10%</i>
<i>2.3 Obras ou pezas</i>	<i>10%</i>

\*A audición trimestral constará dos seguintes apartados:

1. Interpretación dunha selección de escalas, arpejos e intervalos en diferentes articulacións das traballadas no trimestre e con metrónomo: 5%.
2. Unha selección de leccións ou estudos traballados durante o trimestre: 10%.
3. Unha obra, peza ou movemento traballado no trimestre (de memoria se o require): 10%.

Puntuación:

Respecto do sistema de puntuación reflectido a través dos boletíns de cualificacións trimestrais e a través da plataforma dixital CentrosNet, a indispoñibilidade de empregar decimais determina que a cualificación numérica trimestral mudará á nota numérica superior cando o número decimal sexa igual o maior ca 5 (á alza), e á nota numérica inferior cando sexa menor ca 5 (á baixa). Deste modo, só se empregarán números enteiros.

### Criteria para a concesión de ampliación de matrícula

Se se considera oportuno, o profesorado titor solicitará durante o comezo do primeiro trimestre de curso á Xefatura de Estudos unha Xunta Avaliadora na que se valorará a situación académica e a capacidade de aprendizaxe do alumnado no curso actual e daquel ao que aspire a acceder, previa superación dos obxectivos e contidos propostos para o curso no que se atopa.

## 6.5.4 Medidas de recuperación

### Procedementos de recuperación ordinarios

A recuperación das avaliacións suspensas integrarase dentro das actividades e probas programadas dentro da seguinte avaliación, contemplando actividades de reforzo nos puntos en que o alumnado maior dificultade. Entenderase que o alumnado aprobará a avaliación pendente cando supere os contidos mínimos esixibles, e polo tanto, demostre a capacidade para abordar os próximos contidos programados a través dos criterios de avaliación correspondentes.

### Probas extraordinarias

No caso de que o alumnado non supere a materia de fagot na avaliación final, poderase presentarse á proba extraordinaria que se celebrará no mes de xuño e que consistirá na interpretación de dúas tonalidades (escalas, arpejos e intervalos) do método F. Obradous, seis estudos ou leccións, e dúas obras, pezas ou movementos dos contidos didácticos programados para o curso, á elección do/da profesor/a.

Criterios de avaliación da proba extraordinaria:

- Avaliarase a produción do son e calidade sonora. (10%)
- Avaliarase a afinación. (10%)
- Avaliarase a técnica respiratoria e a embocadura. (10%)
- Avaliarase a postura corporal e posicións dixitais. (10%)
- Avaliaranse os distintos tipos de articulacións e emisións. (10%)
- Avaliarase a musicalidade, fraseos e dinámicas. (10%)



- Avaliarase a capacidade de memorización. (10%)
- Avaliarase a seguridade durante o desenvolvemento da proba. (10%)
- Avaliarase o control técnico. (10%)
- Avaliarase a capacidade interpretativa. (10%)

O profesorado poderá solicitar o asesoramento doutro especialista da materia ou xefe/a de Departamento para a realización destas probas. Esta función só será de asesorar mediante un informe ao titular, que será o que realice a avaliación das probas extraordinarias.

### 6.5.5 Recursos didácticos

#### Métodos/Libros

- **Fifty Advanced Studies Op.8 vol.2. J. Weissenborn (exercicios 1-20)**
- **Practical Method for Bassoon. J. Weissenborn.**
- **Gammes et Exercices Journaliers volume I. Fernand Oubradous**
- Gammes et Exercices Journaliers volume II. Fernand Oubradous
- The complete Boosey & Hawkes Bassoon Scale Book.

#### Obras/Pezas

- **Sonata para fagot e piano. J. Besozzi**
- **Sonata en Mi menor. B. Marcello**
- **Rokoko-Sonaten. Boismortier-Dupuis-Correte**
- **Sonatas nº 1-2-3. E. Galliard**
- **Sonata en Re m, OP. 40. J.B. Boismortier**
- **Sonata en Sol m. L. Mercí**
- Delices de la solitude (6 Sonatas). M. Corrette
- Sonatine. J.Laburda.
- Capriccio. J. Weissenborn.
- Menuet e Gavote. P. Lantier.



**Nota:** ademais dos métodos e obras aquí expostos, poderanse utilizar aqueles de semellante dificultade que o/a profesor/a considere oportunos.

## 6.6 Curso: 2º Grao Profesional

### 6.6.1 Obxectivos

Segundo o *Decreto 203/2007*, o ensino de instrumentos de vento-madeira nas ensinanzas de réxime especial no grao profesional de música terá como obxectivo contribuír a desenvolver no alumnado as seguintes capacidades:

- a) Demostrar a sensibilidade auditiva necesaria para mellorar gradualmente a calidade do son.
- b) Interpretar un repertorio que inclúa obras representativas das distintas épocas e estilos de dificultade adecuada neste nivel.
- c) Practicar a fabricación de lingüetas dobres (para instrumentos que as teñan).
- d) Demostrar progresivamente maior autonomía para resolver cuestións relacionadas coa interpretación: dixitación, articulación, fraseo, etc.
- e) Coñecer as diversas convencións interpretativas vixentes en diferentes períodos da historia da música instrumental, especialmente as referidas á escritura rítmica ou á ornamentación.
- f) Adquirir e aplicar progresivamente ferramentas e habilidades para o desenvolvemento da memoria.
- g) Desenvolver a capacidade de ler á vista e aplicar con autonomía progresivamente maior os coñecementos musicais para a improvisación co instrumento.
- h) Practicar música de conxunto, en conxuntos de cámara de varias configuracións e interpretando papeis de solista con orquestra en obras de dificultade media, desenvolvendo así un sentido da interdependencia das tarefas respectivas.



**Os obxectivos devanditos terán a seguinte aplicación segundo o curso 2º G.P.:**

1. Afianzar os contidos propios do curso anterior, sobre todo os relacionados coa posición corporal, respiración, embocadura, emisión, son, articulación, afinación, etc.
2. Dominar a clave de Do en 4ª liña.
3. Desenvolver a sensibilidade auditiva para perfeccionar a calidade sonora e da afinación, tanto na interpretación individual como na de conxunto.
4. Ampliar o rexistro sonoro do instrumento: dende Sib-1 ata Do4. Profundar no rexistro sobreagudo a través da dixitación.
5. Dominar as escalas, arpejos e intervalos de ata seis alteracións, maiores e menores (naturais e harmónicas), e a escala cromática, con diferentes articulacións e utilizando todo o rexistro coñecido (Sib-1 ata Do4).
6. Profundar nas técnicas de ornamentación de dificultade alta propias do período barroco.
7. Aplicar a técnica do vibrato en notas longas ou tidas.
8. Memorizar escalas, arpejos e intervalos en distintas articulacións, estudos e obras propostas no curso.
9. Practicar a montaxe e raspado das lingüetas dobres.
10. Conseguir a destreza necesaria para interpretar correctamente as pezas e estudos programados nos contidos deste curso.
11. Practicar as obras do curso co pianista acompañante, desenvolvendo aspectos como a afinación, sincronización, audición do resto de voces, interpretación de roles, xestualidade, etc.
12. Desenvolver hábitos de estudo, valorando o rendemento conseguido en función do tempo empregado.
13. Tocar en público con autocontrol.

### 6.6.2 Contidos

- 1) Exercicios de control, dominio e rectificación da posición corporal e dixital do alumnado co instrumento.



- 2) Exercicios de embocadura e respiración controlando a afinación, calidade do son e dosificación do aire, práctica da relaxación e respiración para o desenvolvemento da capacidade pulmonar.
- 3) Práctica da lectura de clave de Do en cuarta liña en diferentes rexistros e tesituras facendo fincapé no rexistro sobreagudo.
- 4) Exercicios de afinación e corrección no rexistro comprendido entre Sib-1 ata Do4 mediante a escoita activa e empregando o afinador.
- 5) Práctica de escalas, arpejos e intervalos de ata seis alteracións (maiores e menores), amais da escala cromática en todo o rexistro coñecido, en diferentes figuras rítmicas e velocidades.
- 6) Práctica da ornamentación propia do estilo barroco (trinos, notas de paso, grupetos, adornos, etc...).
- 7) Desenvolvemento do vibrato.
- 8) Adestramento permanente e progresivo da memoria aplicada a movementos enteiros, pezas ou obras completas, así como das escalas e intervalos.
- 9) Lectura a vista de obras e de fragmentos de complexidade media acorde ás esixencias técnicas do curso.
- 10) Fabricación e axuste das lingüetas dobres: montaxe do *Arundo Dónax*.
- 11) Desenvolvemento do sistema rítmico que axude á identificación de problemas métricos.
- 12) Establecemento dun hábito de estudo baseado na localización de problemas e optimización do tempo.
- 13) Participación en audicións adaptándose ao rol proporcionado e co acompañamento de pianista acompañante se a obra o require.
- 14) Práctica do repertorio do curso co/a pianista acompañante.

### 6.6.3 Avaliación

#### Criterios de avaliación

1. Consolidar os coñecementos adquiridos no curso anterior relativos á posición corporal, respiración, embocadura, emisión, son e articulación, entre outros.
2. Adquirir un bo hábito de estudo que repercuta nunha correcta planificación.
3. Dominar a lectura da clave de Do en cuarta liña.
4. Mostrar un control, identificación e corrección da afinación.
5. Demostrar o dominio das escalas, arpejos e intervalos de ata seis alteracións, amais da escala cromática (dende SIb-1 ata Do4).
6. Acadar un desenvolvemento alto das técnicas de ornamentación e improvisación propias do estilo barroco e preclásico (*trinos, grupettos, notas de paso, mordentes, acciacaturas, etc...*).
7. Amosar un control elevado do vibrato en notas longas ou tidas.
8. Demostrar solvencia na capacidade de memorizar textos longos.
9. Fabricar lingüetas dobres empregando o sistema amosado que permita a produción do son.
10. Demostrar o dominio na execución de estudos e obras sen desligar os aspectos técnicos dos musicais.
11. Demostrar a capacidade para abordar individualmente o estudo das obras de repertorio.
12. Presentar en público un programa adecuado o seu nivel demostrando capacidade comunicativa e calidade artística.
13. Utilizar o esforzo muscular, a respiración e a relaxación adecuados ás esixencias da execución instrumental.
14. Mostrar unha boa posición corporal e dixital que permita a colocación do instrumento, así como unha boa respiración diafragmática.

#### Mínimos esixibles

- 1) Adquirir unha boa posición corporal e dixital coa colocación do instrumento evitando tensións ou lesións.
- 2) Adquirir unha boa posición da embocadura e técnica respiratoria facendo fincapé ás esixencias da columna de aire no rexistro sobrealado.



- 3) Interpretar de memoria as escalas, arpexos e intervalos de ata seis alteracións e a escala cromática (Sib-1 ata Do4), con diferentes articulacións; con metrónomo negra=120.
- 4) Tocar mantendo unha afinación estable en todo o rexistro do instrumento, dende Sib-1 ata Do4.
- 5) Aplicar a técnica de ornamentación barroca e coñecer os seus estilos.
- 6) Tocar en público polo menos dúas pezas do repertorio e asistir regularmente aos ensaios co/coa pianista acompañante (se a obra o require).
- 7) Demostrar un dominio e control da clave de Do en 4ª liña.
- 8) Desenvolver correctamente os seguintes contidos:

Primeiro trimestre:

- Escalas e arpexos de ata catro alteracións, amais da escala cromática no rexistro comprendido entre Sib-1 ata Do4, con metrónomo negra=100.
- “Bassoon Studies” Op.8 vol. 2, Julius Weissenborn: dos Estudos: 22-28, 5 deles.
- “66 Estudos” de A. Slama: exercicios de 0 e 1 alteracións.
- Unha peza adaptada ao nivel deste curso.

Segundo trimestre:

- Escalas e arpexos de ata cinco alteracións, amais da escala cromática no rexistro comprendido entre Sib-1 ata Do4, con metrónomo negra=110.
- “Bassoon Studies” Op.8 vol. 2, Julius Weissenborn: dos Estudos 30-36, 4 deles.
- “66 Estudos” de A. Slama: exercicios de 2 e 3 alteracións.
- Unha peza adaptada ao nivel deste curso.

Terceiro trimestre:

- Escalas e arpexos de ata seis alteracións, amais da escala cromática no rexistro comprendido entre Sib-1 ata Do4, con



metrónomo negra=120.

- “Bassoon Studies” Op.8 vol. 2, Julius Weissenborn: dos Estudos 38-42, 3 deles.
- “66 Estudos” de A. Slama: exercicios de ata 4 alteracións.
- Unha peza adaptada ao nivel deste curso.

#### Procedementos e ferramentas de avaliación

- O/a profesor/a fará unha avaliación diagnóstica inicial do estado do alumnado na primeira clase do curso para establecer o nivel basal cunha cualificación. Esta avaliación abranguerá unha selección dos contidos do curso anterior.
- Observación sistemática: valorarase o rendemento semanal mediante unha rúbrica de cualificación baseada en tres eidos principais (**técnica 35%, interpretación 35% e actitude 30%**) que abranguerá: a actitude, estudo e interese do alumnado fronte á materia e cara ao/á profesor/a; o desenvolvemento e aplicación técnica do conxunto de actividades de clase, e a capacidade interpretativa do alumnado.
- Audicións:
  - ❖ Realizarase unha audición por trimestre consistente na interpretación dunha obra, peza ou movemento con acompañamento de piano (se o require), unha selección de estudos ou exercicios técnicos propostos polo/a profesor/a, e unha selección de escalas, arpejos e intervalos de memoria dos contidos totais desenvolto durante o trimestre. Para avaliar este apartado empregarase unha rúbrica deseñada para tal efecto na que disporá de tres sub-apartados: **tonalidades (5%), estudos (10%), obras (10%)**.

#### Criterios de cualificación

Procedementos	Criterios de cualificación
<b>1. Observación sistemática semanal desagregada en:</b>	<b>75%</b>





<i>1.1 Técnica</i>	<i>35%</i>
<i>1.2 Interpretación</i>	<i>35%</i>
<i>1.3 Actitude</i>	<i>30%</i>
<b>2. Audición trimestral*</b> <b>desagregada en:</b>	<b>25%</b>
<i>2.1 Tonalidades</i>	<i>5%</i>
<i>2.2 Estudos ou leccións</i>	<i>10%</i>
<i>2.3 Obras ou pezas</i>	<i>10%</i>

\*A audición trimestral constará dos seguintes apartados:

1. Interpretación dunha selección de escalas, arpejos e intervalos en diferentes articulacións das traballadas no trimestre e con metrónomo: 5%.
2. Unha selección de leccións ou estudos traballados durante o trimestre: 10%.
3. Unha obra, peza ou movemento traballado no trimestre (de memoria se o require): 10%.

Puntuación:

Respecto do sistema de puntuación reflectido a través dos boletíns de cualificacións trimestrais e a través da plataforma dixital CentrosNet, a indispoñibilidade de empregar decimais determina que a cualificación numérica trimestral mudará á nota numérica superior cando o número decimal sexa igual o maior ca 5 (á alza), e á nota numérica inferior cando sexa menor ca 5 (á baixa). Deste modo, só se empregarán números enteiros.

#### [Criterios para a concesión de ampliación de matrícula](#)

Se se considera oportuno, o profesorado titor do alumnado solicitará durante o comezo do primeiro trimestre de curso á Xefatura de Estudos unha Xunta Avaliadora na que se valorará a situación académica e a capacidade de aprendizaxe do alumnado no curso

actual e daquel ao que aspire a acceder, previa superación dos obxectivos e contidos propostos para o curso no que se atopa.

#### **6.6.4 Medidas de recuperación**

##### **Procedementos de recuperación ordinarios**

A recuperación das avaliacións suspensas integrarase dentro das actividades e probas programadas dentro da seguinte avaliación, contemplando actividades de reforzo nos puntos en que o alumnado presente maior dificultade. Entenderase que o alumnado aprobará a avaliación pendente cando supere os contidos mínimos esixibles, e polo tanto, demostre a capacidade para abordar os próximos contidos programados a través dos criterios de avaliación correspondentes.

No caso de que o alumnado teña pendente a materia do curso anterior, deberá recuperala no presente curso, pero non se comezarán cos novos contidos ata que non se acaden os obxectivos do curso anterior. Nese momento, darase por recuperada a materia pendente.

##### **Probas extraordinarias**

No caso de que o alumnado non supere a materia de fagot na avaliación final, poderase presentar á proba extraordinaria que se celebrará durante o mes de xuño e que consistirá na interpretación de dous exercicios de tonalidades do método A. Slama, seis estudos ou leccións e dúas obras/pezas; dos contidos programados para o curso á elección do/da profesor/a.

Criterios de avaliación da proba extraordinaria:

- Avaliarase a produción do son e calidade sonora. (10%)
- Avaliarase a afinación. (10%)
- Avaliarase a técnica respiratoria e a embocadura. (10%)
- Avaliarase a postura corporal e posicións dixitais. (10%)
- Avaliaranse os distintos tipos de articulacións e emisións. (10%)
- Avaliarase a musicalidade, fraseos e dinámicas. (10%)
- Avaliarase a capacidade de memorización. (10%)

- Avaliarase a seguridade durante o desenvolvemento da proba. (10%)
- Avaliarase o control técnico. (10%)
- Avaliarase a capacidade interpretativa. (10%)

O profesorado poderá solicitar o asesoramento doutro especialista da materia ou xefe/a de Departamento para a realización destas probas. Esta función só será de asesorar mediante un informe ao titular, que será o que realice a avaliación das probas extraordinarias.

### 6.6.5 Recursos didácticos

#### Métodos/Libros

- **Fifty Advanced Studies Op.8 vol.2. J. Weissenborn**
- **“66 estudos” de A. Slama**
- **Gammes et Exercices Journaliers volume I. Fernand Oubradous**
- Gammes et Exercices Journaliers volume II. Fernand Oubradous
- The complete Boosey & Hawkes Bassoon Scale Book.

#### Obras/Pezas

- **Sonata en Fam. Telemann**
- **Romance. Weissenborn**
- **Sonatas nº 1-2-3. E. Galliard**
- **Sonatas nº 4-5-6. E. Galliard**
- **Sonata en Re m, OP. 40. J.B. Boismortier**
- **Rokoko-Sonaten. Boismortier-Dupuis-Correte**
- **Sonata en Sol m. L. Merci**
- Delices de la solitude (6 Sonatas). M. Corrette
- Sonata en Sol m. H. Eccles
- Sonatine. J.Laburda.
- Capriccio. J. Weissenborn.



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



- Menuet e Gavote. P. Lantier.
- Sonata en La m. B. Marcello
- Piéce for bassoon et piano. G. Fauré
- Tarantela. L. Milde
- Sonatas de A. Vivaldi para viola de gamba.
- Sonata para fagot e violoncello K292. De W.A. Mozart

**Nota:** *ademais dos métodos e obras aquí expostos, poderanse utilizar aqueles de semellante dificultade que o/a profesor/a considere oportunos.*



## 6.7 Curso: 3º Grao Profesional

### 6.7.1 Obxectivos

Segundo o *Decreto 203/2007*, o ensino de instrumentos de vento-madeira nas ensinanzas de réxime especial no grao profesional de música terá como obxectivo contribuír a desenvolver no alumnado as seguintes capacidades:

- a) Demostrar a sensibilidade auditiva necesaria para mellorar gradualmente a calidade do son.
- b) Interpretar un repertorio que inclúa obras representativas das distintas épocas e estilos de dificultade adecuada neste nivel.
- c) Practicar a fabricación de lingüetas dobres (para instrumentos que as teñan).
- d) Demostrar progresivamente maior autonomía para resolver cuestións relacionadas coa interpretación: dixitación, articulación, fraseo, etc.
- e) Coñecer as diversas convencións interpretativas vixentes en diferentes períodos da historia da música instrumental, especialmente as referidas á escritura rítmica ou á ornamentación.
- f) Adquirir e aplicar progresivamente ferramentas e habilidades para o desenvolvemento da memoria.
- g) Desenvolver a capacidade de ler á vista e aplicar con autonomía progresivamente maior os coñecementos musicais para a improvisación co instrumento.
- h) Practicar música de conxunto, en conxuntos de cámara de varias configuracións e interpretando papeis de solista con orquestra en obras de dificultade media, desenvolvendo así un sentido da interdependencia das tarefas respectivas.

**Os obxectivos devanditos terán a seguinte aplicación segundo o curso 3º G.P.:**

1. Afianzar os contidos propios dos cursos anteriores, sobre todo os relacionados coa posición corporal, respiración, embocadura, emisión, son, articulación, afinación, etc.
2. Dominar a clave de Do en 4ª liña.
3. Desenvolver a sensibilidade para perfeccionar a calidade sonora e da afinación, tanto na interpretación individual como na de conxunto.
4. Ampliar o rexistro sonoro do instrumento: dende Sib-1 ata Mib4. Perfeccionar o son e as posicións do rexistro agudo e sobreagudo
5. Dominar todas as escalas existentes, maiores e menores (naturais e harmónicas), cos seus arpejos e intervalos, con diferentes articulacións e utilizando todo o rexistro coñecido (dende Sib-1 ata Mib4).
6. Coñecer e aplicar as técnicas de ornamentación propias do estilo clásico e pre-clásico.
7. Aplicar a técnica do vibrato nas obras da época ou do estilo. Controlar o recurso do vibrato en notas breves e no rexistro agudo.
8. Memorizar escalas, arpejos e intervalos en distintas articulacións, estudos e obras propostas no curso.
9. Practicar a montaxe e raspado das lingüetas dobres.
10. Conseguir a destreza necesaria para interpretar correctamente as pezas e estudos programados nos contidos deste curso.
11. Practicar as obras do curso co pianista acompañante, desenvolvendo aspectos como a afinación, sincronización, audición do resto de voces, interpretación de roles, xestualidade, etc.
12. Desenvolver hábitos de estudo, valorando o rendemento conseguido en función do tempo empregado.
13. Tocar en público con autocontrol.

## 6.7.2 Contidos

- 1) Exercicios de control, dominio e rectificación da posición corporal e dixital do alumnado co instrumento.
- 2) Exercicios de embocadura e respiración controlando a afinación, calidade do son e dosificación do aire, práctica da relaxación e respiración para o desenvolvemento da capacidade pulmonar.
- 3) Práctica da lectura de clave de Do en cuarta liña en diferentes rexistros e tesituras facendo fincapé ao rexistro sobreagudo.
- 4) Exercicios de afinación e corrección no rexistro comprendido entre Sib-1 ata Mi4 mediante a escoita activa e empregando o afinador, tanto individualmente como en conxunto.
- 5) Práctica de todas as escalas, arpejos e intervalos existentes, amais da escala cromática en todo o rexistro coñecido, en diferentes figuras rítmicas e velocidades.
- 6) Práctica da ornamentación e improvisación propias do estilo clásico e pre-clásico.
- 7) Desenvolvemento do vibrato no rexistro sobreagudo.
- 8) Adestramento permanente e progresivo da memoria aplicada a movementos enteiros, pezas ou obras completas, así como das escalas e intervalos.
- 9) Lectura a vista de obras e de fragmentos de complexidade alta acorde ás esixencias técnicas do curso.
- 10) Fabricación e axuste das lingüetas dobres: montaxe do *Arundo Dónax*.
- 11) Desenvolvemento do sistema rítmico que axude á identificación de problemas métricos.
- 12) Establecemento dun hábito de estudo baseado na localización de problemas e optimización do tempo.
- 13) Participación en audicións adaptándose ao rol proporcionado e co acompañamento de pianista acompañante se a obra o require.
- 14) Práctica do repertorio do curso co/a pianista acompañante.



### 6.7.3 **Avaliación**

#### Criterios de avaliación

1. Consolidar os coñecementos adquiridos no curso anterior relativos á posición corporal, respiración, embocadura, emisión, son e articulación, entre outros.
2. Adquirir un bo hábito de estudo que repercuta nunha correcta planificación.
3. Dominar a lectura da clave de Do en cuarta liña.
4. Mostrar un control, identificación e corrección da afinación no rexistro agudo e sobreagudo do instrumento.
5. Demostrar o dominio de todas as escalas, arpejos e intervalos; e a escala cromática (dende Sib-1 ata Mib4).
6. Acadar un desenvolvemento alto das técnicas de ornamentación e improvisación propias do estilo clásico e pre-clásico.
7. Amosar un control elevado do vibrato aplicado ás obras e estilos.
8. Demostrar solvencia na capacidade de memorizar textos longos.
9. Fabricar lingüetas dobres permitan a produción do son.
10. Demostrar o dominio da execución de estudos e obras sen desligar os aspectos técnicos dos musicais.
11. Demostrar a capacidade para abordar individualmente o estudo das obras de repertorio.
12. Presentar en público un programa adecuado o seu nivel demostrando capacidade comunicativa e calidade artística.
13. Utilizar o esforzo muscular, a respiración e a relaxación adecuados ás esixencias da execución instrumental.
14. Mostrar unha boa posición corporal e dixital que permita a colocación do instrumento, así como unha boa respiración diafragmática.

#### Mínimos esixibles

- 1) Adquirir unha boa posición corporal e dixital coa colocación do instrumento evitando tensións ou lesións.
- 2) Adquirir unha boa posición da embocadura e técnica respiratoria facendo fincapé ás esixencias da columna de aire no rexistro sobreagudo.





- 3) Interpretar de memoria todas as escalas, arpejos e intervalos existentes; e a escala cromática (Sib-1 ata Mib4), con diferentes articulacións, con metrónomo negra=120.
- 4) Tocar mantendo unha afinación estable en todo o rexistro do instrumento, dende Sib-1 ata Mib4, ascendente e descendentemente.
- 5) Demostrar un dominio e control da clave de Do en 4ª liña.
- 6) Aplicar a técnica de ornamentación clásica e preclásica e coñecer os seus estilos.
- 7) Tocar en público polo menos dúas pezas do repertorio e asistir regularmente aos ensaios co/coa pianista acompañante (se a obra o require).
- 8) Desenvolver correctamente os seguintes contidos:

Primeiro trimestre:

- Todas as escalas, arpejos e intervalos en diferentes articulacións, con metrónomo negra=110.
- “42 Capricci” de E. Ozi (dos exercicios 1-8, 5 deles)
- “Trente Etudes” de E. Bourdeau (exercicios de 0 alteracións)
- Unha peza adaptada ao nivel deste curso.

Segundo trimestre:

- Todas as escalas, arpejos e intervalos en diferentes articulacións, con metrónomo negra=120.
- “42 Capricci” de E. Ozi (dos exercicios 9-16, 5 deles)
- “Trente Etudes” de E. Bourdeau (exercicios de 1 alteracións)
- Unha peza adaptada ao nivel deste curso.

Terceiro trimestre:

- Todas as escalas, arpejos e intervalos en diferentes articulacións, con metrónomo negra=120.
- “42 Capricci” de E. Ozi (dos exercicios 17-24, 5 deles)
- “Trente Etudes” de E. Bourdeau (exercicios de ata 2 alteracións).
- Unha peza adaptada ao nivel deste curso.



### Procedementos e ferramentas de avaliación

- O/a profesor/a fará unha avaliación diagnóstica inicial do estado do alumnado na primeira clase do curso para establecer o nivel basal cunha cualificación. Esta avaliación abranguerá unha selección dos contidos do curso anterior.
- Observación sistemática: valorarase o rendemento semanal mediante unha rúbrica de cualificación baseada en tres eidos principais (**técnica 35%, interpretación 35% e actitude 30%**) que abranguerá: a actitude, estudo e interese do alumnado fronte á materia e cara ao/á profesor/a; o desenvolvemento e aplicación técnica do conxunto de actividades de clase, e a capacidade interpretativa do alumnado.
- Audicións:
  - ❖ Realizarase unha audición por trimestre consistente na interpretación dunha obra, peza ou movemento con acompañamento de piano (se o require), unha selección de estudos ou exercicios técnicos propostos polo/a profesor/a, e unha selección de escalas, arpejos e intervalos de memoria dos contidos totais desenvolto durante o trimestre. Para avaliar este apartado empregarase unha rúbrica deseñada para tal efecto na que disporá de tres sub-apartados: **tonalidades (5%), estudos (10%), obras (10%)**.

### Criterios de cualificación

Procedementos	Criterios de cualificación
<b>1. Observación sistemática semanal desagregada en:</b>	<b>75%</b>
<i>1.1 Técnica</i>	<i>35%</i>
<i>1.2 Interpretación</i>	<i>35%</i>
<i>1.3 Actitude</i>	<i>30%</i>
<b>2. Audición trimestral* desagregada en:</b>	<b>25%</b>



<i>2.1 Tonalidades</i>	5%
<i>2.2 Estudos ou leccións</i>	10%
<i>2.3 Obras ou pezas</i>	10%

\*A audición trimestral constará dos seguintes apartados:

1. Interpretación dunha selección de escalas, arpejos e intervalos en diferentes articulacións das traballadas no trimestre e con metrónomo: 5%.
2. Unha selección de leccións ou estudos traballados durante o trimestre: 10%.
3. Unha obra, peza ou movemento traballado no trimestre (de memoria se o require): 10%.

Puntuación:

Respecto do sistema de puntuación reflectido a través dos boletíns de cualificacións trimestrais e a través da plataforma dixital CentrosNet, a indispoñibilidade de empregar decimais determina que a cualificación numérica trimestral mudará á nota numérica superior cando o número decimal sexa igual o maior ca 5 (á alza), e á nota numérica inferior cando sexa menor ca 5 (á baixa). Deste modo, só se empregarán números enteiros.

#### [Criterios para a concesión de ampliación de matrícula](#)

Se se considera oportuno, o profesorado titor do alumnado solicitará durante o comezo do primeiro trimestre de curso á Xefatura de Estudos unha Xunta Avaliadora na que se valorará a situación académica e a capacidade de aprendizaxe do alumnado no curso actual e daquel ao que aspire a acceder, previa superación dos obxectivos e contidos propostos para o curso no que se atopa.

## 6.7.4 Medidas de recuperación

### Procedementos de recuperación ordinarios

A recuperación das avaliacións suspensas integrarase dentro das actividades e probas programadas dentro da seguinte avaliación, contemplando actividades de reforzo nos puntos en que o alumnado presente maior dificultade. Entenderase que o alumnado aprobará a avaliación pendente cando supere os contidos mínimos esixibles, e polo tanto, demostre a capacidade para abordar os próximos contidos programados a través dos criterios de avaliación correspondentes.

No caso de que o alumnado teña pendente a materia do curso anterior, deberá recuperala no presente curso, pero non se comezarán cos novos contidos ata que non se acaden os obxectivos do curso anterior. Nese momento, darase por recuperada a materia pendente.

### Probas extraordinarias

No caso de que o alumnado non supere a materia de fagot na avaliación final, poderase presentar á proba extraordinaria que se celebrará no mes de xuño e que consistirá na interpretación de dúas tonalidades (exercicios método E. Bourdeau), seis estudos ou leccións, e dúas obras ou pezas, á elección do/da profesor/a.

Criterios de avaliación da proba extraordinaria:

- Avaliarase a produción do son e calidade sonora. (10%)
- Avaliarase a afinación. (10%)
- Avaliarase a técnica respiratoria e a embocadura. (10%)
- Avaliarase a postura corporal e posicións dixitais. (10%)
- Avaliaranse os distintos tipos de articulacións e emisións. (10%)
- Avaliarase a musicalidade, fraseos e dinámicas. (10%)
- Avaliarase a capacidade de memorización. (10%)
- Avaliarase a seguridade durante o desenvolvemento da proba. (10%)
- Avaliarase o control técnico. (10%)

- Avaliarase a capacidade interpretativa. (10%)

O profesorado poderá solicitar o asesoramento doutro especialista da materia ou xefe/a de Departamento para a realización destas probas. Esta función só será de asesorar mediante un informe ao titular, que será o que realice a avaliación das probas extraordinarias.

### 6.7.5 Recursos didácticos

#### Métodos/Libros

- **“42 Capriccios”. E.Ozi**
- **“Trente estudos”. E. Bourdeau (exercicios de 0 ata 4 alteracións)**
- **Sight-reading Pieces. Universal Basson Edition**
- **Enseignement Complet du basson volum I e II. Fernand Oubradous**

#### Obras/Pezas

- **Sonata en Fa m. G. Ph. Telemann**
- **Sonata en Mi m. G. Ph. Telemann**
- **Sonata en Sol M. H. Eccles**
- **Concerto en La m (f. VIII N°7). A. Vivaldi**
- **Six Dúos Concertantes. F. Devienne**
- **Virelai. P. Max Dubois**
- **Sonate para fagot e cello KV292. W. A. Mozart**
- **6 sonates para fagot. M. Correte**
- **Pièce for bassoon et piano. G. Fauré**
- **Concert Piece. G. Pierné.**
- **Concerto en SibM. Hertel**
- **Concerto en SibM. Capel Bond.**
- **Concerto en DoM. Kozeluh**
- **Sonatas de E. Galliard**



**Nota:** *ademais dos métodos e obras aquí expostos, poderanse utilizar aqueles de semellante dificultade que o/a profesor/a considere oportunos.*

## 6.8 Curso: 4º Grao Profesional

### 6.8.1 Obxectivos

Segundo o *Decreto 203/2007*, o ensino de instrumentos de vento-madeira nas ensinanzas de réxime especial no grao profesional de música terá como obxectivo contribuír a desenvolver no alumnado as seguintes capacidades:

- a) Demostrar a sensibilidade auditiva necesaria para mellorar gradualmente a calidade do son.
- b) Interpretar un repertorio que inclúa obras representativas das distintas épocas e estilos de dificultade adecuada neste nivel.
- c) Practicar a fabricación de lingüetas dobres (para instrumentos que as teñan).
- d) Demostrar progresivamente maior autonomía para resolver cuestións relacionadas coa interpretación: dixitación, articulación, fraseo, etc.
- e) Coñecer as diversas convencións interpretativas vixentes en diferentes períodos da historia da música instrumental, especialmente as referidas á escritura rítmica ou á ornamentación.
- f) Adquirir e aplicar progresivamente ferramentas e habilidades para o desenvolvemento da memoria.
- g) Desenvolver a capacidade de ler á vista e aplicar con autonomía progresivamente maior os coñecementos musicais para a improvisación co instrumento.
- h) Practicar música de conxunto, en conxuntos de cámara de varias configuracións e interpretando papeis de solista con orquestra en obras de dificultade media, desenvolvendo así un sentido da interdependencia das tarefas respectivas.



**Os obxectivos devanditos terán a seguinte aplicación segundo o curso 4º G.P.:**

1. Afianzar os contidos propios dos cursos anteriores, sobre todo os relacionados coa posición corporal, respiración, embocadura, emisión, son, articulación, afinación, etc.
2. Dominar a clave de Do en 4ª liña.
3. Desenvolver a sensibilidade auditiva para perfeccionar a calidade sonora e da afinación en todo o rexistro do instrumento, tanto na interpretación individual como na de conxunto.
4. Perfeccionar o son e as posicións do rexistro sobreagudo.
5. Dominar todas as escalas existentes, maiores e menores (naturais, melódicas e harmónicas), cos seus arpejos e intervalos, con diferentes articulacións e utilizando todo o rexistro coñecido (dende Sib-1 ata Mi4).
6. Coñecer e aplicar as técnicas de interpretación propias do estilo romántico.
7. Dominar o recurso do vibrato no repertorio clásico e romántico.
8. Ler con fluidez, acorde ao curso ,exercicios ou pezas dedicadas á primeira vista.
9. Memorizar escalas, arpejos e intervalos en distintas articulacións, estudos e obras propostas no curso.
10. Perfeccionar a montaxe e raspado das lingüetas dobres.
11. Conseguir a destreza necesaria para interpretar correctamente as pezas e estudos programados nos contidos deste curso.
12. Practicar as obras do curso có pianista acompañante, desenvolvendo aspectos como a afinación, sincronización, audición do resto de voces, interpretación de roles, xestualidade, etc.
13. Desenvolver hábitos de estudo, valorando o rendemento conseguido en función do tempo empregado.
14. Tocar en público con autocontrol.



## 6.8.2 Contidos

- 1) Exercicios de control, dominio e rectificación da posición corporal e dixital do alumnado co instrumento.
- 2) Exercicios de embocadura e respiración controlando a afinación, calidade do son e dosificación do aire, práctica da relaxación e respiración para o desenvolvemento da capacidade pulmonar.
- 3) Práctica da lectura de clave de Do en cuarta liña en diferentes rexistros e tesituras facendo fincapé ao rexistro sobreagudo.
- 4) Exercicios de afinación e corrección no rexistro comprendido entre Sib-1 ata Mi4 mediante a escoita activa e empregando o afinador, tanto individualmente como en conxunto.
- 5) Práctica de todas as escalas, arpejos e intervalos existentes, amais da escala cromática en todo o rexistro coñecido, en diferentes figuras rítmicas e velocidades.
- 6) Práctica da interpretación e improvisación propias do estilo romántico.
- 7) Desenvolvemento do vibrato no rexistro sobreagudo.
- 8) Adestramento permanente e progresivo da memoria aplicada a movementos enteiros, pezas ou obras completas, así como das escalas e intervalos.
- 9) Lectura a vista de obras e de fragmentos de complexidade alta acorde ás esixencias técnicas do curso.
- 10) Fabricación e axuste das lingüetas dobres: técnicas de raspado do *Arundo Dónax*.
- 11) Desenvolvemento do sistema rítmico que axude á identificación de problemas métricos.
- 12) Establecemento dun hábito de estudo baseado na localización de problemas e optimización do tempo.
- 13) Participación en audicións adaptándose ao rol proporcionado e co acompañamento de pianista acompañante se a obra o require.
- 14) Práctica do repertorio do curso co/a pianista acompañante.

### 6.8.3 Avaliación

#### Criterios de avaliación

1. Consolidar os coñecementos adquiridos no curso anterior relativos á posición corporal, respiración, embocadura, emisión, son e articulación, entre outros.
2. Adquirir un bo hábito de estudo que repercuta nunha planificación autónoma.
3. Dominar a lectura da clave de Do en cuarta liña.
4. Mostrar un control, identificación e corrección da afinación no rexistro agudo e sobreagudo do instrumento.
5. Demostrar o dominio de todas as escalas, arpejos e intervalos; e a escala cromática (dende Sib-1 ata Mi4).
6. Acadar un desenvolvemento alto das técnicas de interpretación e improvisación propias do estilo clásico e romántico.
7. Amosar un control elevado do vibrato aplicado ás obras e estilos.
8. Demostrar solvencia na capacidade de memorizar textos longos.
9. Fabricar lingüetas dobres permitan a produción do son.
10. Demostrar o dominio da execución de estudos e obras sen desligar os aspectos técnicos dos musicais.
11. Demostrar a capacidade para abordar individualmente o estudo das obras de repertorio.
12. Presentar en público un programa adecuado o seu nivel demostrando capacidade comunicativa e calidade artística.
13. Utilizar o esforzo muscular, a respiración e a relaxación adecuados ás esixencias da execución instrumental.
14. Mostrar unha boa posición corporal e dixital que permita a colocación do instrumento, así como unha boa respiración diafragmática.

#### Mínimos esixibles

- 1) Adquirir unha boa posición corporal e dixital coa colocación do instrumento evitando tensións ou lesións.
- 2) Adquirir unha boa posición da embocadura e técnica respiratoria facendo fincapé ás esixencias da columna de aire no rexistro sobreagudo.



- 3) Interpretar de memoria todas as escalas, arpejos e intervalos existentes; e a escala cromática (Sib-1 ata Mi4), con diferentes articulacións, con metrónomo negra=130.
- 4) Tocar mantendo unha afinación estable en todo o rexistro do instrumento, dende Sib-1 ata Mi4.
- 5) Demostrar un dominio e control da clave de Do en 4ª liña.
- 6) Aplicar as técnicas de interpretación do período Romántico e coñecer as súas variantes.
- 7) Tocar en público polo menos dúas pezas do repertorio e asistir regularmente aos ensaios co/coa pianista acompañante (se a obra o require).
- 8) Desenvolver correctamente os seguintes contidos:

Primeiro trimestre:

- Todas as escalas, arpejos e intervalos en diferentes articulacións, con metrónomo negra=120.
- “42 Capricci” de E. Ozi (dos exercicios 25-32, 5 deles)
- “Trente Etudes” de E. Bourdeau (exercicios de 3-4 alteracións).
- Unha peza adaptada ao nivel deste curso.

Segundo trimestre:

- Todas as escalas, arpejos e intervalos en diferentes articulacións, con metrónomo negra=130.
- “42 Capricci” de E. Ozi (dos exercicios 33-42, 5 deles)
- “Trente Etudes” de E. Bourdeau (exercicios de 5-6 alteracións).
- Unha peza adaptada ao nivel deste curso.

Terceiro trimestre:

- Todas as escalas, arpejos e intervalos en diferentes articulacións, con metrónomo negra=130.
- “42 Capricci” de E. Ozi (Estudos di Bravura 1-10, 5 deles)
- “Trente Etudes” de E. Bourdeau (exercicios de 7 alteracións)



- Unha peza adaptada ao nivel deste curso.

### Procedementos e ferramentas de avaliación

- O/a profesor/a fará unha avaliación diagnóstica inicial do estado do alumnado na primeira clase do curso para establecer o nivel basal cunha cualificación. Esta avaliación abranguerá unha selección dos contidos do curso anterior.
- Observación sistemática: valorarase o rendemento semanal mediante unha rúbrica de cualificación baseada en tres eidos principais (**técnica 35%, interpretación 35% e actitude 30%**) que abranguerá: a actitude, estudo e interese do alumnado fronte á materia e cara ao/á profesor/a; o desenvolvemento e aplicación técnica do conxunto de actividades de clase, e a capacidade interpretativa do alumnado.
- Audicións:
  - ❖ Realizarase unha audición por trimestre consistente na interpretación dunha obra, peza ou movemento con acompañamento de piano (se o require), unha selección de estudos ou exercicios técnicos propostos polo/a profesor/a, e unha selección de escalas, arpejos e intervalos de memoria dos contidos totais desenvolto durante o trimestre. Para avaliar este apartado empregarase unha rúbrica deseñada para tal efecto na que disporá de tres sub-apartados: **tonalidades (5%), estudos (10%), obras (10%)**.

### Criterios de cualificación

Procedementos	Criterios de cualificación
<b>1. Observación sistemática semanal desagregada en:</b>	<b>75%</b>
<i>1.1 Técnica</i>	<i>35%</i>
<i>1.2 Interpretación</i>	<i>35%</i>
<i>1.3 Actitude</i>	<i>30%</i>



<b>2. Audición trimestral*</b> <b>desagregada en:</b>	<b>25%</b>
<i>2.1 Tonalidades</i>	<i>5%</i>
<i>2.2 Estudos ou leccións</i>	<i>10%</i>
<i>2.3 Obras ou pezas</i>	<i>10%</i>

\*A audición trimestral constará dos seguintes apartados:

1. Interpretación dunha selección de escalas, arpejos ou intervalos en diferentes articulacións das traballadas no trimestre e con metrónomo: 5%.
2. Unha selección de leccións ou estudos traballados durante o trimestre: 10%.
3. Unha obra, peza ou movemento traballado no trimestre (de memoria se o require): 10%.

Puntuación:

Respecto do sistema de puntuación reflectido a través dos boletíns de cualificacións trimestrais e a través da plataforma dixital CentrosNet, a indisponibilidade de empregar decimais determina que a cualificación numérica trimestral mudará á nota numérica superior cando o número decimal sexa igual o maior ca 5 (á alza), e á nota numérica inferior cando sexa menor ca 5 (á baixa). Deste modo, só se empregarán números enteiros.

#### **Criterios para a concesión de ampliación de matrícula**

Se se considera oportuno, o profesorado titor do alumnado solicitará durante o comezo do primeiro trimestre de curso á Xefatura de Estudos unha Xunta Avaliadora na que se valorará a situación académica e a capacidade de aprendizaxe do alumnado no curso actual e daquel ao que aspire a acceder, previa superación dos obxectivos e contidos propostos para o curso no que se atopa.

## 6.8.4 Medidas de recuperación

### Procedementos de recuperación ordinarios

A recuperación das avaliacións suspensas integrarase dentro das actividades e probas programadas dentro da seguinte avaliación, contemplando actividades de reforzo nos puntos en que o alumnado presente maior dificultade. Entenderase que o alumnado aprobará a avaliación pendente cando supere os contidos mínimos esixibles, e polo tanto, demostre a capacidade para abordar os próximos contidos programados a través dos criterios de avaliación correspondentes.

No caso de que o alumnado teña pendente a materia do curso anterior, deberá recuperala no presente curso, pero non se comezarán cos novos contidos ata que non se acaden os obxectivos do curso anterior. Nese momento, darase por recuperada a materia pendente.

### Probas extraordinarias

No caso de que o alumnado non supere a materia de fagot na avaliación final, poderase presentar á proba extraordinaria que se celebrará no mes de xuño e que consistirá na interpretación de dúas tonalidades (escala, arpejos e intervalos), seis estudos e dúas obras ou pezas, á elección do/da profesor/a.

Criterios de avaliación da proba extraordinaria:

- Avaliarase a produción do son e calidade sonora. (10%)
- Avaliarase a afinación. (10%)
- Avaliarase a técnica respiratoria e a embocadura. (10%)
- Avaliarase a postura corporal e posicións dixitais. (10%)
- Avaliaranse os distintos tipos de articulacións e emisións. (10%)
- Avaliarase a musicalidade, fraseos e dinámicas. (10%)
- Avaliarase a capacidade de memorización. (10%)
- Avaliarase a seguridade durante o desenvolvemento da proba. (10%)
- Avaliarase o control técnico. (10%)



- Avaliarase a capacidade interpretativa. (10%)

O profesorado poderá solicitar o asesoramento doutro especialista da materia ou xefe/a de Departamento para a realización destas probas. Esta función só será de asesorar mediante un informe ao titular, que será o que realice a avaliación das probas extraordinarias.

## 6.8.5 Recursos didácticos

### Métodos/Libros

- **“42 Capriccios”. E.Ozi**
- **“42 Capriccios”. E.Ozi: Estudos di bravura.**
- **“Trente Etudes pour basson”. E. Bourdeau**
- Sight-reading Pieces. Universal Basson Edition
- Enseignement Complet du basson volum I e II. Fernand Obradous

### Obras/Pezas

- **Concertos en La m nº 2 e nº 7. A. Vivaldi**
- **Concert Piece. G. Pierne**
- **Concerto for Bassoon and Orquestra. OP. 12. F. David.**
- **Pièce en forma de habanera. M. Ravel.**
- **Concerto en DoM. Vanhal**
- **Sonata nº 3, J. Galliard**
- Concerto en DoM. Kozeluh
- Romance. J. Weissenborn
- Partita for Bassoon Solo. G. Jacob.
- Concerto in Fa M para fagot e orquesta. F. Danzi
- Burlesque. E. Bozza
- 6 suites para cello solo. J .S. Bach
- Pièce for bassoon et piano. G. Fauré



**Nota:** ademais dos métodos e obras aquí expostos, poderanse utilizar aqueles de semellante dificultade que o/a profesor/a considere oportunos.



## 6.9 Curso: 5º Grao Profesional

### 6.9.1 Obxectivos

Segundo o *Decreto 203/2007*, o ensino de instrumentos de vento-madeira nas ensinanzas de réxime especial no grao profesional de música terá como obxectivo contribuír a desenvolver no alumnado as seguintes capacidades:

- a) Demostrar a sensibilidade auditiva necesaria para mellorar gradualmente a calidade do son.
- b) Interpretar un repertorio que inclúa obras representativas das distintas épocas e estilos de dificultade adecuada neste nivel.
- c) Practicar a fabricación de lingüetas dobres (para instrumentos que as teñan).
- d) Demostrar progresivamente maior autonomía para resolver cuestións relacionadas coa interpretación: dixitación, articulación, fraseo, etc.
- e) Coñecer as diversas convencións interpretativas vixentes en diferentes períodos da historia da música instrumental, especialmente as referidas á escritura rítmica ou á ornamentación.
- f) Adquirir e aplicar progresivamente ferramentas e habilidades para o desenvolvemento da memoria.
- g) Desenvolver a capacidade de ler á vista e aplicar con autonomía progresivamente maior os coñecementos musicais para a improvisación co instrumento.
- h) Practicar música de conxunto, en conxuntos de cámara de varias configuracións e interpretando papeis de solista con orquestra en obras de dificultade media, desenvolvendo así un sentido da interdependencia das tarefas respectivas.



**Os obxectivos devanditos terán a seguinte aplicación segundo o curso 5º G.P.:**

1. Afianzar os contidos propios dos cursos anteriores, sobre todo os relacionados coa posición corporal, respiración, embocadura, emisión, son, articulación, afinación, etc.
2. Dominar a clave de Do en 4ª liña.
3. Dominar todas as escalas existentes, maiores e menores (naturais, melódicas e harmónicas), cos seus arpejos e intervalos, con diferentes articulacións e utilizando todo o rexistro coñecido (dende Sib-1 ata Mi4).
4. Desenvolver a sensibilidade auditiva para perfeccionar a calidade sonora e da afinación en todo o rexistro do instrumento, tanto na interpretación individual como na de conxunto.
5. Perfeccionar o son e as posicións do rexistro sobreagudo.
6. Dominar as técnicas de interpretación propias do estilo romántico e post-romántico.
7. Coñecer e interpretar as grafías propias da música contemporánea.
8. Aplicar o recurso do vibrato como efecto sonoro no repertorio contemporáneo.
9. Ler coa máxima fluidez exercicios ou pezas dedicadas á primeira vista.
10. Memorizar estudos e obras propostas no curso.
11. Aprender e coñecer a importancia do repertorio orquestral do instrumento nos períodos barroco e clásico.
12. Aprender a técnica do dobre picado e iniciar o seu funcionamento.
13. Perfeccionar a montaxe e raspado das lingüetas dobres.
14. Conseguir a destreza necesaria para interpretar correctamente as pezas e estudos programados nos contidos deste curso.
15. Desenvolver hábitos de estudo, valorando o rendemento conseguido en función do tempo empregado.
16. Practicar as obras do curso co pianista acompañante, desenvolvendo aspectos como a afinación, sincronización, audición do resto de voces, interpretación de roles, xestualidade, etc.

17. Tocar en público con autocontrol.

## 6.9.2 Contidos

- 1) Exercicios de control, dominio e rectificación da posición corporal e dixital do alumnado co instrumento.
- 2) Exercicios de embocadura e respiración controlando a afinación, calidade do son e dosificación do aire, práctica da relaxación e respiración para o desenvolvemento da capacidade pulmonar.
- 3) Práctica da lectura de clave de Do en cuarta liña en diferentes rexistros e tesituras facendo fincapé ao rexistro sobreagudo.
- 4) Exercicios de afinación e corrección en todo o rexistro do instrumento mediante a escoita activa e empregando o afinador, tanto individualmente como en conxunto.
- 5) As pezas románticas e post-románticas e as súas características.
- 6) Interpretación e execución das grafías da música contemporánea.
- 7) Perfeccionamento do vibrato.
- 8) Adestramento permanente e progresivo da memoria aplicada a pezas ou obras completas.
- 9) Práctica do repertorio orquestral máis salientable do período Barroco e Clásico.
- 10) Aprendizaxe do dobre picado.
- 11) Fabricación e axuste das lingüetas dobres: técnicas de raspado do *Arundo* *Dónax*.
- 12) Lectura a vista de obras e de fragmentos de complexidade alta acorde ás esixencias técnicas do curso.
- 13) Desenvolvemento do sistema rítmico que axude á identificación de problemas métricos.
- 14) Establecemento dun hábito de estudo baseado na localización de problemas e optimización do tempo.



- 15) Participación en audicións adaptándose ao rol proporcionado e co acompañamento de pianista acompañante se a obra o require.
- 16) Práctica do repertorio do curso co/a pianista acompañante.

### 6.9.3 Avaliación

#### Criterios de avaliación

1. Consolidar os coñecementos adquiridos no curso anterior relativos á posición corporal, respiración, embocadura, emisión, son e articulación, entre outros.
2. Dominar a lectura da clave de Do en cuarta liña.
3. Mostrar un dominio, identificación e corrección da afinación no rexistro agudo e sobreagudo do instrumento.
4. Dominio na execución das dicitacións sobreagudas.
5. Dominio das técnicas interpretativas propias do estilo romántico e post-romántico.
6. Execución de escalas, arpexios e intervalos de 0 a 7 alteracións en todo o rexistro do instrumento.
7. Interpretación das grafías propias da música contemporánea.
8. Uso do vibrato como recurso técnico propio da música contemporánea.
9. Lectura a vista fluída de textos con dificultade alta.
10. Demostrar solvencia na capacidade de memorizar textos longos.
11. Coñecer as características e función do instrumento no repertorio orquestral dos períodos barroco e clásico.
12. Adquirir a técnica do dobre picado.
13. Fabricar lingüetas dobres que permitan a produción do son.
14. Demostrar o dominio da execución de estudos e obras sen desligar os aspectos técnicos dos musicais.
15. Demostrar a capacidade para abordar individualmente o estudo das obras de repertorio.
16. Adquirir un bo hábito de estudo que repercuta nunha planificación autónoma.
17. Presentar en público un programa adecuado ao nivel demostrando capacidade comunicativa e calidade artística mantendo unha correcta comunicación e control da figura do/da pianista acompañante.



### Mínimos esixibles

- 1) Adquirir unha boa posición corporal e dixital coa colocación do instrumento evitando tensións ou lesións.
- 2) Adquirir unha boa posición da embocadura e técnica respiratoria facendo fincapé ás esixencias da columna de aire no rexistro sobreagudo.
- 3) Dominar a afinación en todo o rexistro do instrumento.
- 4) Dominar a clave de Do en cuarta liña.
- 5) Dominar a dicitación sobreaguda e as súas posibles combinacións
- 6) Interpretar correctamente as grafías propias da música contemporánea.
- 7) Dominar o uso do vibrato como recurso técnico dependendo da época ou estilo.
- 8) Interpretar en público polo menos dúas pezas do repertorio (unha delas de memoria) e asistir regularmente aos ensaios co/coa pianista acompañante (se a obra o require).
- 9) Desenvolver correctamente os seguintes contidos:

#### Primeiro trimestre:

- “Probespiel für Fagott”. Ed. Peters (solos do período barroco)
- “25 estudos” vol. 1 Op. 24 de L. Milde (exercicios 1-8)
- “18 estudos” de G. Gambaro (exercicios 1-4)
- Unha peza adaptada ao nivel deste curso.

#### Segundo trimestre:

- “Probespiel für Fagott” Ed. Peters (solos do período clásico)
- “25 estudos” vol. 1 Op. 24 de L. Milde (exercicios 9-16)
- “18 estudos” de G. Gambaro (exercicios 5-8)
- Unha peza adaptada ao nivel deste curso.

#### Terceiro trimestre:

- “Probespiel für Fagott” Ed. Peters (solos do período clásico)
- “25 estudos” vol. 1 Op. 24 de L. Milde (exercicios 17-25)



- “18 estudos” de G. Gambaro (exercicios 9-12)
- Unha peza adaptada ao nivel deste curso.

#### Procedementos e ferramentas de avaliación

- O/a profesor/a fará unha avaliación diagnóstica inicial do estado do alumnado na primeira clase do curso para establecer o nivel basal cunha cualificación. Esta avaliación abranguerá unha selección dos contidos do curso anterior.
- Observación sistemática: valorarase o rendemento semanal mediante unha rúbrica de cualificación baseada en tres eidos principais (**técnica 35%, interpretación 35% e actitude 30%**) que abranguerá: a actitude, estudo e interese do alumnado fronte á materia e cara ao/á profesor/a; o desenvolvemento e aplicación técnica do conxunto de actividades de clase, e a capacidade interpretativa do alumnado.
- Audicións:
  - ❖ Realizarase unha audición por trimestre consistente na interpretación dunha obra, peza ou movemento con acompañamento de piano e de memoria (se o require), unha selección de estudos ou exercicios técnicos propostos polo/a profesor/a, e unha selección de “solos orquestrais” dos contidos totais desenvolvidos durante o trimestre. Para avaliar este apartado empregarase unha rúbrica deseñada para tal efecto na que disporá de tres sub-apartados: **solos orquestrais (5%), estudos (10%), obras (10%)**.

#### Criterios de cualificación

Procedementos	Criterios de cualificación
<b>1. Observación sistemática semanal desagregada en:</b>	<b>75%</b>
<i>1.1 Técnica</i>	<i>35%</i>
<i>1.2 Interpretación</i>	<i>35%</i>



<i>1.3 Actitude</i>	<i>30%</i>
<b>2. Audición trimestral* desagregada en:</b>	<b>25%</b>
<i>2.1 Solos orquestrais</i>	<i>5%</i>
<i>2.2 Estudos ou leccións</i>	<i>10%</i>
<i>2.3 Obras ou pezas</i>	<i>10%</i>

\*A audición trimestral constará dos seguintes apartados:

1. Interpretación dunha selección de “solos orquestrais” traballados no trimestre: 5%.
2. Unha selección de leccións ou estudos traballados durante o trimestre: 10%.
3. Unha obra, peza ou movemento traballado no trimestre (de memoria se o require): 10%.

Puntuación:

Respecto do sistema de puntuación reflectido a través dos boletíns de cualificacións trimestrais e a través da plataforma dixital CentrosNet, a indispoñibilidade de empregar decimais determina que a cualificación numérica trimestral mudará á nota numérica superior cando o número decimal sexa igual o maior ca 5 (á alza), e á nota numérica inferior cando sexa menor ca 5 (á baixa). Deste modo, só se empregarán números enteiros.

#### Crterios para a concesión de ampliación de matrícula

Se se considera oportuno, o profesorado titor do alumnado solicitará durante o comezo do primeiro trimestre de curso á Xefatura de Estudos unha Xunta Avaliadora na que se valorará a situación académica e a capacidade de aprendizaxe do alumnado no curso actual e daquel ao que aspire a acceder, previa superación dos obxectivos e contidos propostos para o curso no que se atopa.

## 6.9.4 Medidas de recuperación

### Procedementos de recuperación ordinarios

A recuperación das avaliacións suspensas integrarase dentro das actividades e probas programadas dentro da seguinte avaliación, contemplando actividades de reforzo nos puntos en que o alumnado presente maior dificultade. Entenderase que o alumnado aprobará a avaliación pendente cando supere os contidos mínimos esixibles, e polo tanto, demostre a capacidade para abordar os próximos contidos programados a través dos criterios de avaliación correspondentes.

No caso de que o alumnado teña pendente a materia do curso anterior, deberá recuperala no presente curso, pero non se comezarán cos novos contidos ata que non se acaden os obxectivos os do curso anterior. Nese momento, darase por recuperada a materia pendente.

